Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación oficial da materia de Clarinete

Curso escolar 2026 / 2027

Índice

1. Introdución 6
2. Obxectivos xerais das ensinanzas 8
2.1 Grao elemental 8
2.2 Grao profesional 8
3. Obxectivos específicos 10
3.1 Grao elemental 10
3.2 Grao profesional 10
4. 1.º CURSO DE GRAO ELEMENTAL 12
4.1 Obxectivos 12
4.2 Contidos 12
4.3 Avaliación 14
4.4 Medidas de recuperación 18
4.5 Rúbrica de avaliación da recuperación 20
4.6 Repertorio e bibliografía orientativa 24
5. 2.º CURSO DE GRAO ELEMENTAL 25
5.1 Obxectivos 25
5.2 Contidos 25
5.3 AVALIACIÓN 27
5.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN 33
5.5 REPERTORIO E BIBLIOGRAFÍA ORIENTATIVA 35
5.6 RÚBRICA 35
6. 3.º CURSO DE GRAO ELEMENTAL 40
6.1 Obxectivos 40
6.2 Contidos 40
6.3 Avaliación 41
6.4 Medidas de recuperación 46
6.5 Rúbrica 48
6.6 Repertorio e bibliografía orientativa 53
7. 4.º CURSO DE GRAO ELEMENTAL 54
7.1 Obxectivos 54
7.2 Contidos 54
7.3 Avaliación 55
7.4 Medidas de recuperación 60
7.5 Repertorio e bibliografía orientativa 67
8. 1.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL 69
8.1 Obxectivos 69
8.2 Contidos 69
8.3 Avaliación 70
8.4 Medidas de recuperación 72

8.5 Repertorio e bibliografía orientativa 73
9. 2.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL 74
9.1 Obxectivos 74
9.2 Contidos 74
9.3 Avaliación 75
9.4 Medidas de recuperación 77
9.5 Repertorio e bibliografía orientativa 78
10. 3.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL 79
10.1 Obxectivos 79
10.2 Contidos 80
10.3 Avaliación 80
10.4 Medidas de recuperación 83
10.5 Repertorio e bibliografía orientativa 83
11. 4.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL 85
11.1 Obxectivos 85
11.2 Contidos 85
11.3 Avaliación 86
11.4 Medidas de recuperación 88
11.5 Repertorio e bibliografía orientativa 89
12. 5.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL 90
12.1 Obxectivos 90
12.2 Contidos 90
12.3 Avaliación 91
12.4 Medidas de recuperación 93
12.5 Repertorio e bibliografía orientativa 94
13. 6.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL 95
13.1 Obxectivos 95
13.2 Contidos 96
13.3 Avaliación 96
13.4 Medidas de recuperación 99
13.5 Repertorio e bibliografía orientativa 99
14. METODOLOXÍA 101
15. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 103
16. TEMAS TRANSVERSAIS 104
16.1 Educación en valores 104
16.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación 104
17. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS 105
18. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO 107
19. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN 108
20. ANEXOS 109

20.1 PROBAS DE ACCESO A 1.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL 109
20.2 PROBAS DE ACCESO A 2.º CURSO DE GRAO ELEMENTAL 110
20.3 PROBAS DE ACCESO A 3.º CURSO DE GRAO ELEMENTAL 111
20.4 PROBAS DE ACCESO A 4.º CURSO DE GRAO ELEMENTAL 113
20.5 PROBAS DE ACCESO A 2.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL 114
20.6 PROBAS DE ACCESO A 3.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL 115
20.7 PROBAS DE ACCESO A 4.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL 116
20.8 PROBAS DE ACCESO A 5.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL 117
20.9 PROBAS DE ACCESO A 6.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL 118
20.10 PREMIOS FIN DE GRAO 120

1. Introdución

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Así mesmo, establece as ensinanzas elementais e profesionais de música como ensinanzas de réxime especial, correspondendo ás administracións educativas determinar as súas características e organización. No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o desenvolvemento destas ensinanzas concrétase na normativa específica correspondente.

A finalidade das ensinanzas elementais de música é proporcionar ao alumnado unha formación musical básica que lle permita desenvolver progresivamente a súa autonomía, capacidade de expresión e sensibilidade artística, así como adquirir as bases necesarias para, no seu caso, continuar os seus estudos no grao profesional.

A presente programación didáctica concreta estes principios no ámbito da aula de clarinete e constitúe o marco de referencia para o desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe. Nela establécense os obxectivos, contidos, criterios e procedementos de avaliación, metodoloxía, repertorio e medidas de recuperación que orientarán o traballo do alumnado e do profesorado ao longo do curso.

O alumnado que accede ás ensinanzas elementais presenta diferentes niveis de madurez, desenvolvemento e experiencia musical. Esta diversidade ten unha incidencia directa no proceso de aprendizaxe e require adaptar a metodoloxía, o repertorio e o ritmo de traballo ás características e necesidades de cada alumno ou alumna.

O acceso a 1.º curso de grao elemental non require a acreditación de coñecementos musicais previos, senón a superación das probas de aptitude establecidas para o acceso. O acceso aos cursos posteriores implica, pola contra, posuír os coñecementos e capacidades correspondentes ao curso anterior. A idade de incorporación ao conservatorio pode ser variable, polo que o alumnado compatibiliza as ensinanzas musicais con diferentes etapas da ensinanza obrigatoria.

Relacións interdisciplinares

Clarinete

Na materia de instrumento, o alumnado desenvolve progresivamente unha técnica de base que lle permita abordar a interpretación musical con seguridade e autonomía. Para iso trabállanse aspectos como a posición corporal, a respiración, a embocadura, a dixitación, a articulación, a emisión e control do son, a afinación e os diferentes recursos técnicos e expresivos propios do clarinete.

O traballo instrumental relaciónase directamente co repertorio estudado e co desenvolvemento da capacidade de escoita, de análise e de toma de decisións interpretativas.

Linguaxe musical

A materia de Linguaxe Musical proporciona os coñecementos necesarios para comprender e interpretar a escritura musical. Estes coñecementos aplícanse directamente ao instrumento mediante a lectura, o recoñecemento rítmico e melódico, a comprensión da estrutura musical e a relación entre os elementos da partitura e a súa realización sonora.

O desenvolvemento das capacidades rítmicas, auditivas, psicomotoras e expresivas constitúe unha base fundamental para a práctica instrumental.

Educación auditiva e vocal

A educación auditiva e vocal mantén unha relación directa coa práctica instrumental, especialmente no desenvolvemento da memoria, da afinación e da capacidade de escoita.

O traballo auditivo permite ao alumnado recoñecer e controlar aspectos como o timbre, a altura, o ritmo, a melodía, a dinámica e a estrutura musical, favorecendo unha interpretación cada vez máis consciente e autónoma.

2. Obxectivos xerais das ensinanzas

2.1 Grao elemental

As ensinanzas elementais de música contribuirán a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Apreciar a música como linguaxe artística e como medio de expresión cultural e persoal.
- Desenvolver a sensibilidade musical e a capacidade de expresión para interpretar música de diferentes épocas e estilos, gozando da práctica musical e empregándoa como medio de comunicación e realización persoal.
- Coñecer e valorar a importancia da respiración, da posición corporal e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coa escritura e coa literatura propia do instrumento, establecendo as bases necesarias para desenvolver unha interpretación cada vez máis consciente.
- Interpretar en público con seguridade progresiva, entendendo a interpretación musical como un medio de comunicación.
- Participar en interpretacións de conxunto, desenvolvendo a capacidade de escoitar as demais voces ou instrumentos e de adaptarse ao conxunto.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e desenvolver a capacidade de escoitarse, analizar o propio traballo e valorar os progresos e as dificultades.
- Valorar o silencio como elemento necesario para a concentración, a audición interna e o desenvolvemento do pensamento musical.
- Desenvolver unha escoita activa como parte fundamental da formación musical.
- Coñecer, valorar e empregar o patrimonio musical, especialmente o patrimonio musical galego, como parte do enriquecemento persoal e da formación artística.

2.2 Grao profesional

As ensinanzas profesionais de música contribuirán a desenvolver no alumnado as capacidades xerais propias destas ensinanzas e, ademais, as seguintes:

- Habituarse á escoita consciente de música e desenvolver criterios propios que permitan fundamentar as decisións interpretativas.
- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como elementos fundamentais da formación e do enriquecemento persoal.
- Analizar e valorar os diferentes elementos que interveñen na creación e na interpretación musical.
- Coñecer e valorar as diferentes manifestacións musicais e integrar aqueles aspectos que contribúan ao desenvolvemento persoal e artístico.

- Participar en actividades musicais e culturais que permitan experimentar a práctica musical como medio de comunicación e transmisión artística.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relacionado coa música e coa práctica instrumental.
- Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural, prestando especial atención ao patrimonio musical galego.
- Desenvolver unha escoita activa e crítica como ferramenta fundamental para a formación musical e para a progresiva autonomía interpretativa.
- Valorar e fomentar o coñecemento e a utilización do patrimonio musical galego como parte da formación artística e cultural do alumnado.

3. Obxectivos específicos

3.1 Grao elemental

O ensino do clarinete no grao elemental terá como finalidade desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Adquirir progresivamente unha posición corporal, unha embocadura e unha respiración adecuadas para a práctica do clarinete.
- Coñecer e aplicar os elementos básicos necesarios para a preparación e o mantemento do instrumento, así como para a produción dun son estable e de calidade axeitado ao nivel.
- Desenvolver unha dixitación e unha técnica instrumental de base que permitan abordar con seguridade o repertorio propio do nivel.
- Coñecer e aplicar os principais recursos de articulación, dinámicas e fraseo propios do repertorio estudado.
- Desenvolver progresivamente o control da afinación e da homoxeneidade do son nos diferentes rexistros do instrumento.
- Distinguir e aplicar de maneira básica as características interpretativas propias de diferentes épocas e estilos.
- Desenvolver unha lectura musical cada vez máis fluída, mantendo un pulso estable e unha correcta continuidade.
- Adquirir hábitos de estudo e desenvolver progresivamente a capacidade de identificar e resolver dificultades sinxelas do traballo instrumental.
- Interpretar de memoria parte do repertorio estudado.
- Desenvolver a seguridade necesaria para participar en audicións e interpretacións públicas.

3.2 Grao profesional

O ensino do clarinete no grao profesional terá como finalidade desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Consolidar e ampliar a técnica do instrumento, desenvolvendo o control da dixitación, articulación, respiración, coordinación e demais recursos necesarios para abordar o repertorio propio de cada curso.
- Desenvolver un son estable, flexible e homoxéneo nos diferentes rexistros, mellorando progresivamente a emisión, a afinación, o timbre, as dinámicas e a proxección sonora.
- Adquirir un control rítmico sólido, aplicándoo tanto ao traballo individual como á interpretación en conxunto e adaptándoo ás características de cada repertorio.
- Desenvolver unha interpretación musical coherente mediante o emprego consciente da respiración, o fraseo, a articulación, as dinámicas, a agóxica e o carácter.
- Coñecer e aplicar progresivamente criterios interpretativos relacionados coa época, o estilo, o xénero e as características propias das obras estudadas.

- Coñecer e interpretar un repertorio variado e adecuado ao nivel, desenvolvendo unha visión cada vez máis global das obras e da súa estrutura.
- Desenvolver progresivamente a autonomía no estudo, sendo capaz de identificar dificultades, analizar as súas causas e seleccionar estratexias adecuadas para resolvelas.
- Desenvolver ferramentas para a preparación autónoma de novas obras e para a organización e planificación do estudo individual.
- Adquirir e aplicar progresivamente recursos para o desenvolvemento da memoria musical.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista de acordo co nivel correspondente.
- Participar en interpretacións de conxunto, desenvolvendo a capacidade de escoita, coordinación e adaptación ás necesidades do grupo.
- Desenvolver a seguridade, concentración e capacidade de comunicación necesarias para a interpretación pública, aprendendo a manter a continuidade da interpretación e a reaccionar ante posibles imprevistos.
- Coñecer e valorar o patrimonio musical, especialmente o patrimonio musical galego, incorporándoo, cando sexa adecuado, ao repertorio e ás actividades desenvolvidas na aula.

4. 1.º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

4.1 Obxectivos

Ao finalizar o primeiro curso de Grao Elemental, o alumnado deberá ser capaz de:

- Coñecer as principais partes do clarinete, a familia instrumental á que pertence, a súa orixe e o modo básico en que se produce o son.
- Realizar correctamente a montaxe e desmontaxe do instrumento, así como as tarefas básicas de limpeza, coidado e mantemento.
- Adoptar unha posición corporal equilibrada e natural durante a práctica instrumental, evitando tensións innecesarias.
- Adquirir unha embocadura adecuada que permita unha correcta produción e emisión do son.
- Desenvolver unha respiración adecuada á práctica instrumental, aplicándoa na execución de exercicios, estudos e pezas sinxelas.
- Iniciarse na produción dun son estable nas notas e rexistros propios do nivel, empregando diferentes intensidades.
- Adquirir e aplicar as dixitacións básicas do clarinete, desenvolvendo progresivamente a coordinación entre ambas as mans.
- Iniciarse no emprego das articulacións básicas de ligado e picado, executándoas con claridade.
- Desenvolver un sentido básico do pulso e do ritmo, sendo capaz de manter unha pulsación regular durante a interpretación.
- Interpretar exercicios, estudos e pezas sinxelas adecuadas ao nivel, respectando as indicacións básicas de tempo, dinámica, articulación e carácter.
- Desenvolver hábitos de estudo regulares e eficaces, aprendendo a organizar o traballo individual e a aplicar as indicacións dadas polo profesor ou profesora.
- Iniciarse na práctica da música colectiva, desenvolvendo a capacidade de escoita, coordinación e adaptación ao grupo.
- Participar en audicións públicas, adquirindo progresivamente seguridade, concentración e capacidade para manter a continuidade da interpretación.

4.2 Contidos

Coñecemento, montaxe e mantemento do instrumento

- Identificación das principais partes do clarinete e coñecemento básico da súa función.
- Coñecemento da familia dos instrumentos de vento-madeira e do lugar que ocupa o clarinete dentro dela.
- Nocións básicas sobre a orixe e evolución do clarinete.
- Introdución ao funcionamento do instrumento e á produción do son mediante a vibración da cana.

- Práctica da montaxe e desmontaxe correcta do instrumento.
- Limpeza e coidado básico do clarinete e dos seus accesorios.

Respiración, postura e embocadura

- Coñecemento e práctica dunha respiración adecuada para a interpretación instrumental.
- Exercicios sinxelos de control e aproveitamento do aire.
- Adopción dunha posición corporal equilibrada e natural.
- Colocación correcta das mans e dos dedos.
- Formación e estabilización progresiva da embocadura.

Produción e control do son

- Iniciación á emisión do son no clarinete.
- Traballo do son no rexistro grave ou chalumeau, ampliando progresivamente o rexistro segundo a evolución do alumnado.
- Práctica de sons longos e exercicios básicos de estabilidade da emisión.
- Traballo de diferentes intensidades dentro das posibilidades do nivel.
- Iniciación ao control básico da afinación das notas traballadas.

Técnica e articulación

- Aprendizaxe das dixitacións básicas do clarinete.
- Exercicios de coordinación entre ambas as mans.
- Práctica de ligado e picado.
- Introdución progresiva ao staccato.
- Exercicios sinxelos de articulación aplicados ao repertorio.

Ritmo e lectura

- Práctica do pulso regular.
- Lectura e execución das figuras e silencios rítmicos propios do nivel.
- Práctica con metrónomo.
- Coordinación da interpretación con acompañamentos sinxelos.
- Lectura a primeira vista de pequenos fragmentos adecuados ao nivel.

Interpretación e repertorio

- Interpretación de exercicios, estudos e pezas sinxelas.
- Aplicación das indicacións básicas de tempo, dinámica e articulación.
- Práctica das respiracións de acordo coa estrutura das frases.
- Iniciación ao fraseo e á expresión musical.
- Recoñecemento e interpretación do carácter básico das obras traballadas.

- Memorización de pequenos fragmentos ou pezas sinxelas.

Hábitos de estudo e autonomía

- Organización básica do estudo individual.
- Preparación do material necesario para a clase.
- Identificación e corrección de erros básicos de notas, ritmo, dixitación e articulación coa orientación do profesor.
- Desenvolvemento progresivo da autonomía no estudo.
- Valoración da constancia e da regularidade como elementos fundamentais para a evolución instrumental.

Práctica colectiva e interpretación pública

- Iniciación á práctica de música en grupo.
- Escoita e adaptación ao resto dos integrantes da agrupación.
- Seguimento das indicacións do profesor ou director.
- Preparación e participación en audicións públicas.
- Desenvolvemento progresivo da concentración e da continuidade da interpretación ante o público.

4.3 Avaliación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e individualizada, tendo en conta tanto a adquisición dos coñecementos e habilidades propios do curso como a evolución e o progreso experimentados ao longo do mesmo.

A avaliación realizarase de maneira progresiva a partir do traballo desenvolvido na aula, da práctica individual, das probas prácticas e das audicións, valorando especialmente a evolución do alumno ou alumna e a súa capacidade para aplicar as aprendizaxes adquiridas.

Cómpre establecer unha separación clara entre os procedementos de avaliación e os criterios de cualificación.

4.3.1 Procedementos de avaliación

Para realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación sistemática do traballo realizado na aula.
- Seguimento do traballo diario e da evolución do alumnado.
- Probas prácticas individuais.
- Audicións públicas.
- Interpretación de obras, estudos e fragmentos do repertorio correspondente ao curso.

- Exercicios técnicos relacionados coa respiración, embocadura, emisión do son, articulación, dixitación, ritmo e dinámicas.
- Exercicios de lectura a primeira vista adecuados ao nivel.
- Traballo de repertorio con piano e, cando proceda, en agrupacións instrumentais.
- Rexistros de seguimento do alumnado.
- Autoavaliación, adaptada ás características e á idade do alumnado.
- Exames, cando proceda.

Os instrumentos e procedementos empregados adaptaranse ás características individuais e ao nivel de cada alumno ou alumna, tendo en conta tanto os resultados obtidos como o proceso de aprendizaxe desenvolvido ao longo do curso.

4.3.2 Criterios de avaliación

- Montar e desmontar correctamente o clarinete, así como realizar as tarefas básicas de limpeza e mantemento do instrumento.
- Identificar as principais partes do clarinete, a familia instrumental á que pertence, aspectos básicos da súa orixe e o seu funcionamento na produción do son.
- Empregar unha respiración adecuada ao nivel, aplicándoa na execución de exercicios, estudos e pezas sinxelas.
- Adoptar unha posición corporal equilibrada e unha embocadura adecuada que permitan unha práctica instrumental correcta.
- Executar as dixitacións básicas traballadas durante o curso con suficiente coordinación entre ambas as mans.
- Producir un son estable nas notas e rexistros traballados, empregando diferentes niveis de intensidade.
- Manter un pulso regular e executar correctamente os principais elementos rítmicos traballados.
- Aplicar as articulacións de ligado e picado propias do nivel con suficiente claridade.
- Respectar as indicacións básicas de tempo, dinámica, articulación e carácter presentes nas partituras.
- Realizar as respiracións adecuadas á duración das frases e manter a continuidade das melodías sinxelas.
- Interpretar obras e estudos adecuados ao nivel mostrando un sentido musical básico e adecuando a interpretación ao carácter da obra.
- Desenvolver hábitos de estudo regulares e eficaces, aplicando as indicacións dadas polo profesor ou profesora e mostrando unha autonomía progresiva.
- Participar nas actividades de interpretación colectiva demostrando capacidade de escoita, coordinación e adaptación ao grupo.

- Participar nas audicións públicas mostrando concentración, seguridade progresiva, respecto polo público e capacidade para manter a continuidade da interpretación ante pequenos erros.

4.3.3 Mínimos esixibles

Para superar o primeiro curso, o alumnado deberá ser capaz de:

- Interpretar ata a lección 6, incluída, do *ABC, vol. 1*, de G. Dangain, e ata a unidade 8, incluída, de *Aprende tocando el clarinete*, de P. Wastall, mostrando un nivel básico de control da respiración, da embocadura, da posición corporal e das dixitacións traballadas.
- Executar as notas e dixitacións traballadas durante o curso con suficiente seguridade e coordinación.
- Producir un son estable nas notas e rexistros traballados, mantendo unha emisión adecuada ao nivel.
- Realizar correctamente as respiracións indicadas nos exercicios, estudos e pezas traballados.
- Manter un pulso regular nas interpretacións, respectando os principais elementos rítmicos traballados durante o curso.
- Aplicar as indicacións básicas de articulación e dinámica presentes no repertorio traballado.
- Diferenciar as principais formas de articulación e os diferentes caracteres das pezas traballadas.
- Interpretar de memoria, polo menos, unha parte breve dunha peza ou exercicio previamente seleccionado.
- Participar en, polo menos, dúas audicións públicas ao longo do curso, mostrando unha actitude adecuada de concentración e continuidade durante a interpretación.

4.3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación establecerán o peso dos diferentes aspectos avaliados na cualificación final. A ponderación será a seguinte:

Instrumento de avaliación	**Porcentaxe**
Traballo e evolución na aula	40 %
Interpretación	20 %
Actitude, estudo e autonomía	20 %
Práctica de conxunto e interpretación pública	20 %
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula — 40 %

Valorarase o traballo realizado durante as clases e a evolución experimentada polo alumnado ao longo do curso. Teranse en conta:

- Progreso técnico e musical.
- Traballo diario.
- Preparación do repertorio.
- Regularidade e constancia no estudo.
- Evolución da respiración, embocadura, posición corporal, dixitación, articulación e emisión do son.
- Aplicación das indicacións realizadas polo profesor ou profesora.
- Adquisición progresiva de autonomía.
- Capacidade para corrixir os erros detectados.

Interpretación — 20 %

Valorarase a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos técnicos e musicais adquiridos á interpretación do repertorio traballado:

- Calidade e estabilidade do son.
- Afinación básica.
- Precisión rítmica.
- Articulación.
- Control das dinámicas.
- Fraseo e respiración.
- Respecto das indicacións de tempo e carácter.
- Continuidade da interpretación.
- Adecuación da interpretación ao nivel de 1.º curso.

Actitude, estudo e autonomía — 20 %

Valorarase:

- Interese e participación activa nas clases.
- Constancia e regularidade no estudo.
- Aproveitamento do tempo de traballo.
- Responsabilidade e disciplina.
- Preparación do material necesario.
- Capacidade para aplicar progresivamente de maneira autónoma as indicacións recibidas.
- Coidado e mantemento do instrumento e do material.
- Evolución ao longo do curso.

Práctica de conxunto e interpretación pública — 20 %

Valorarase:

- Participación activa nas actividades de conxunto.
- Capacidade de escoita e adaptación ao grupo.
- Respecto das indicacións do profesor ou director.
- Preparación do repertorio para as audicións.
- Actitude de concentración durante a interpretación.
- Capacidade para manter a continuidade ante pequenos erros.
- Respecto e atención durante as interpretacións propias e alleas.

O alumno ou alumna deberá acadar, como mínimo, o 40 % da puntuación correspondente en cada un dos apartados para poder realizar a media e ter a posibilidade de superar a materia.

4.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor ou profesora titora do alumno ou alumna solicitará á Xefatura de Estudos a constitución dunha Xunta Avaliadora, na que cada profesor ou profesora deberá informar sobre a capacidade de aprendizaxe do alumno ou alumna, o grao de consecución dos obxectivos do curso actual e a súa capacidade para afrontar os do curso ao que aspira a acceder.

A valoración terá en conta especialmente o progreso técnico e musical, a autonomía no estudo, a capacidade de aprendizaxe e a adaptación ás novas esixencias do curso superior.

4.4 Medidas de recuperación

4.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación ordinaria realizarase cando o alumno ou alumna non supere as aprendizaxes correspondentes a un determinado período de avaliación. O profesor ou profesora determinará os exercicios, estudos e obras que deberá recuperar, atendendo aos criterios de avaliación non acadados.

A recuperación terá carácter práctico e consistirá na realización de exercicios técnicos e na interpretación de estudos e obras traballados durante o curso.

O alumnado deberá demostrar, de acordo co nivel de 1.º curso, que é capaz de:

- Manter unha posición corporal equilibrada e adoptar unha embocadura adecuada.
- Colocar correctamente as mans e os dedos e executar as dixitacións básicas con coordinación.
- Realizar as articulacións de ligado e picado propias do nivel con claridade.
- Empregar unha respiración adecuada para producir e manter un son estable.
- Manter un pulso regular e executar correctamente as figuras e silencios rítmicos traballados.

- Respectar as indicacións básicas de tempo, dinámica e articulación presentes na partitura.
- Realizar as respiracións adecuadas á duración das frases.
- Interpretar melodías sinxelas mantendo a continuidade e o sentido musical.
- Recoñecer e transmitir o carácter básico das obras traballadas mediante os recursos interpretativos propios do nivel.
- Executar o repertorio establecido mantendo as notas, ritmos e articulacións traballados.

A cualificación da recuperación determinarase segundo o grao de adquisición dos criterios de avaliación correspondentes ás aprendizaxes non superadas.

4.4.2 Convocatoria extraordinaria de xuño

O alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño.

A proba terá carácter práctico e nela o alumno ou alumna deberá demostrar a adquisición das aprendizaxes e dos criterios de avaliación establecidos para 1.º curso.

Deberá interpretar:

- **Un exercicio e unha obra ou canción escollida polo alumno ou alumna (40 %).** Valorarase a preparación do repertorio, a correcta execución das notas, ritmos e articulacións traballados, así como o control básico da respiración, embocadura, son e dinámica.
- **Un exercicio e unha obra ou canción escollida polo profesor ou profesora (40 %).** Valorarase especialmente a correcta execución das dixitacións, articulacións e ritmos, a estabilidade do son, a respiración, a continuidade da interpretación e a adecuación ao carácter da obra.
- **Un exercicio axeitado ao nivel do alumno ou alumna para lectura á vista (20 %).** Valorarase a capacidade para manter o pulso, executar as figuras e silencios básicos, aplicar as dixitacións traballadas e manter a continuidade da interpretación.

En todos os apartados teranse en conta a posición corporal, a colocación das mans e dos dedos, a embocadura, a respiración, a produción e estabilidade do son, a afinación básica, a precisión rítmica, a articulación, a dinámica, o tempo, a continuidade e a adecuación da interpretación ao nivel de 1.º curso.

A cualificación final da proba obterase aplicando as porcentaxes establecidas para cada un dos tres apartados.

4.5 Rúbrica de avaliación da recuperación

A presente rúbrica utilizarase para valorar a recuperación ordinaria e a proba extraordinaria de xuño. Os indicadores seleccionados corresponden aos criterios de avaliación establecidos para 1.º curso e aplicaranse segundo as características da actividade ou proba realizada.

A escala de valoración será a seguinte:

Nivel	Descrición
4 – Excelente	Acada o criterio con seguridade, autonomía e corrección.
3 – Adecuado	Acada o criterio de maneira suficiente, aínda que presenta pequenos erros puntuais.
2 – En proceso	Acada parcialmente o criterio e presenta dificultades frecuentes.
1 – Non acadado	Non acada o criterio ou as dificultades impiden unha execución adecuada ao nivel.

1. Exercicio e obra ou canción escollida polo alumnado — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha posición corporal equilibrada e coloca correctamente mans e dedos.				
Técnica	Emprega unha embocadura estable e executa as dixitacións básicas con coordinación.				
Técnica	Realiza con claridade as articulacións de ligado e picado propias do nivel.				
Son	Produce un son estable nas notas e rexistros traballados.				
Son	Emprega unha respiración adecuada á duración das frases.				
Son	Mantén unha afinación básica adecuada nas notas estudadas.				
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa correctamente os ritmos traballados.				
Interpretación	Respecta as indicacións básicas de tempo, dinámica e articulación.				
Interpretación	Mantén a continuidade e transmite o carácter básico da obra.				
Repertorio	Interpreta a obra completa de acordo co nivel de 1.º curso.				

Valoración do apartado: ____ / 4

2. Exercicio e obra ou canción escollida polo profesor ou profesora — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Adopta unha posición corporal adecuada e coloca correctamente mans e dedos.				
Técnica	Emprega unha embocadura estable e realiza as dixitacións básicas con coordinación.				
Son	Produce un son estable nas notas e rexistros traballados.				
Son	Controla a respiración necesaria para producir e manter o son.				
Ritmo	Mantén un pulso regular e executa correctamente os ritmos traballados.				
Ritmo	Coordina a interpretación co metrónomo ou co acompañamento cando proceda.				
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica e articulación.				
Interpretación	Mantén a continuidade da interpretación ante pequenos erros.				
Interpretación	Diferencia o carácter básico da obra mediante a dinámica e a articulación.				
Repertorio	Executa o exercicio e a obra completos e de acordo co nivel de 1.º curso.				

Valoración do apartado: ____ / 4

3. Lectura á vista — 20 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Aplica as dixitacións básicas traballadas con coordinación.				
Ritmo	Mantén un pulso regular durante a lectura.				
Ritmo	Executa correctamente as figuras e silencios rítmicos propios do nivel.				
Interpretación	Respecta as indicacións básicas de tempo, dinámica e articulación.				
Continuidade	Mantén a continuidade da interpretación ante pequenos erros, evitando interrupcións innecesarias.				

Valoración do apartado: ____ / 4

Cálculo da cualificación

Apartado	Peso	Cualificación
Exercicio + obra ou canción escollida polo alumnado	40 %	____
Exercicio + obra ou canción escollida polo profesor/a	40 %	____
Lectura á vista	20 %	____
Cualificación final	**100 %**	**____**

Para obter a cualificación final, converterase a valoración de cada apartado á escala de 0 a 10 e aplicaranse as porcentaxes correspondentes:

Cualificación final = (Apartado 1 × 0,40) + (Apartado 2 × 0,40) + (Apartado 3 × 0,20).

A valoración obtida na rúbrica interpretarase do seguinte xeito:

Nivel	Descrición	Puntuación orientativa
4	Acadado de maneira excelente, con seguridade, autonomía e corrección.	9–10
3	Acadado adecuadamente, con pequenos erros que non afectan de maneira significativa á execución.	7–8
2	Acadado parcialmente, con dificultades frecuentes que afectan á execución.	5–6
1	Non acadado ou con dificultades que impiden unha execución adecuada ao nivel.	0–4

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para 1.º curso, tendo en conta especialmente a capacidade do alumnado para executar de maneira funcional e adecuada ao seu nivel os aspectos técnicos, de produción do son, rítmicos e interpretativos traballados durante o curso.

4.6 Repertorio e bibliografía orientativa

O repertorio seleccionado para o primeiro curso de Grao Elemental terá como finalidade acompañar e reforzar o desenvolvemento progresivo dos contidos técnicos e musicais establecidos nesta programación. A selección concreta de estudos e obras poderá variar en función das características, necesidades e ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna.

Procurarase que o repertorio sexa variado e motivador, permitindo traballar de maneira progresiva a emisión e calidade do son, a respiración, a dixitación, a articulación, o ritmo, as dinámicas, o fraseo e a expresión musical. Así mesmo, fomentarase o contacto con diferentes estilos e, na medida do posible, coa creación musical galega.

Estudos e métodos

- *L'ABC du Jeune Clarinetiste, vol. 1* — G. Dangain — Billaudot.
- *Aprende tocando el clarinete* — Peter Wastall — Mundimúsica.
- *Escuchar, leer y tocar, vol. 1* — De Haske.

Obras e repertorio

- *Music Through Time* — Paul Harris — Oxford University Press.
- *La Clarinette Classique, A* — Jacques Lancelot / Henri Classens — Éditions Combre.
- *84 Dúos* — H. Voxman — Rubank Educational Music.
- *Motivaciones 1* — Carlos López García-Picos — obra de autor galego.

Ademais do repertorio indicado, poderán empregarse outros métodos, estudos, obras, acompañamentos e materiais didácticos que se consideren axeitados ás necesidades do alumnado e aos contidos establecidos para o curso.

A elección do repertorio atenderá especialmente á progresión técnica do alumno ou alumna, procurando que as dificultades musicais e instrumentais se introduzan de maneira gradual e permitan consolidar as aprendizaxes adquiridas.

5. 2.º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

5.1 Obxectivos

Ao finalizar o segundo curso de Grao Elemental, o alumnado deberá ser capaz de:

- Consolidar os hábitos adquiridos no primeiro curso en relación coa postura corporal, embocadura, respiración, emisión do son e colocación das mans e dos dedos.
- Coñecer e executar as escalas maiores e menores ata unha alteración, aplicando as dixitacións e articulacións traballadas.
- Mellorar a coordinación e fluidez das dixitacións, así como a claridade e regularidade das diferentes articulacións propias do nivel.
- Desenvolver progresivamente o control da respiración, do son, da afinación e das dinámicas.
- Comprender os elementos básicos da estrutura dunha melodía, identificando motivos, semifrases e frases.
- Iniciarse no emprego do fraseo musical, relacionando a respiración coa estrutura e o sentido da frase.
- Interpretar estudos e obras adecuadas ao nivel respectando as indicacións de tempo, dinámica, articulación e carácter.
- Desenvolver progresivamente a autonomía no estudo, aprendendo a identificar e resolver dificultades técnicas e musicais sinxelas.
- Desenvolver a capacidade de esforzo e constancia ante as dificultades propias da aprendizaxe do clarinete.
- Adaptarse á práctica musical en agrupación, aprendendo a escoitar as demais partes e a coordinar a propia interpretación co conxunto.
- Adquirir progresivamente seguridade e capacidade de concentración na interpretación diante do público.

5.2 Contidos

Técnica, respiración e son

- Consolidación da posición corporal, embocadura e colocación das mans e dos dedos.
- Práctica da respiración aplicada a frases de maior duración.
- Traballo da emisión, estabilidade e homoxeneidade do son nos rexistros correspondentes ao nivel.
- Práctica de diferentes dinámicas, buscando un maior control da intensidade sen deteriorar a calidade sonora.
- Iniciación ao control da afinación mediante a escoita e a corrección da propia emisión.

Escalas e dixitación

- Práctica das escalas maiores ata unha alteración.
- Iniciación ás escalas menores ata unha alteración.
- Execución das escalas con diferentes articulacións e velocidades adecuadas ao nivel.
- Exercicios de coordinación e fluidez das dixitacións.

Articulación

- Consolidación do ligado e do picado.
- Práctica progresiva do staccato.
- Coordinación entre dixitación e articulación.
- Aplicación das diferentes articulacións ao repertorio traballado.

Ritmo e lectura

- Consolidación do pulso e das figuras rítmicas traballadas no primeiro curso.
- Práctica de combinacións rítmicas propias do nivel.
- Traballo con metrónomo.
- Coordinación rítmica co acompañamento de piano e con outros instrumentos.
- Lectura a primeira vista de exercicios e fragmentos sinxelos.

Fraseo e interpretación

- Identificación de motivos, semifrases e frases en melodías sinxelas.
- Relación entre respiración e estrutura da frase musical.
- Práctica de diferentes formas de iniciar, desenvolver e finalizar unha frase.
- Aplicación das indicacións de tempo, dinámica e articulación presentes na partitura.
- Recoñecemento do carácter das obras traballadas e aplicación dos recursos interpretativos adecuados.
- Desenvolvemento progresivo do fraseo e da continuidade da liña melódica.

Estudo e autonomía

- Organización do estudo individual.
- División dos estudos e obras en pequenos fragmentos para facilitar a súa preparación.
- Uso do metrónomo como ferramenta de estudo.
- Identificación de dificultades básicas de notas, ritmo, dixitación, articulación, respiración ou afinación.
- Aplicación de estratexias sinxelas para a corrección dos erros.
- Desenvolvemento da constancia e da capacidade de esforzo ante as dificultades da aprendizaxe instrumental.

Práctica de conxunto

- Práctica musical con outros clarinetistas e/ou instrumentistas.
- Escoita das diferentes partes que forman a agrupación.
- Coordinación do pulso, entradas, finais, dinámicas e articulacións co resto do grupo.
- Adaptación da propia interpretación ás necesidades do conxunto.
- Respecto polas indicacións do profesor ou profesora e polos demais integrantes da agrupación.

Interpretación pública

- Preparación de estudos e obras para a súa interpretación diante do público.
- Interpretación con acompañamento de piano, con outros clarinetistas ou de maneira individual.
- Traballo da concentración antes e durante a actuación.
- Desenvolvemento progresivo da seguridade escénica.
- Capacidade para manter a continuidade da interpretación e recuperar o pulso ante pequenos erros.

5.3 AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e individualizada, tendo en conta tanto a adquisición dos coñecementos e habilidades propios de 2.º curso como a evolución e o progreso experimentados ao longo do curso.

A avaliación terá en conta o traballo diario, a evolución técnica e musical, a realización das probas prácticas, a participación nas audicións e o traballo de conxunto.

Cómpre establecer unha separación clara entre os procedementos de avaliación e os criterios de cualificación.

5.3.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

Para realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación sistemática.
- Traballo diario na aula.
- Probas prácticas.
- Audicións públicas.
- Exames, cando proceda.
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.

- Autoavaliación.
- Interpretación de estudos, obras e fragmentos do repertorio correspondente ao curso.
- Exercicios de escalas, articulación, dixitación, respiración, afinación, son e outros aspectos técnicos.
- Lectura a primeira vista.
- Traballo de repertorio con piano.
- Práctica de conxunto con outros clarinetistas e/ou instrumentistas.

Os instrumentos empregados adaptaranse ás características e ao nivel de cada alumno ou alumna.

5.3.2 Criterios de avaliación

Técnica

- Consolidar unha posición corporal equilibrada e natural durante a práctica e a interpretación.
- Manter unha embocadura estable durante a execución de pezas e estudos de maior duración.
- Colocar correctamente as mans e os dedos, executando as dixitacións correspondentes ao nivel con coordinación e progresiva fluidez.
- Realizar as articulacións de ligado, picado e staccato traballadas durante o curso con claridade e regularidade.
- Executar as escalas maiores e menores ata unha alteración, aplicando as dixitacións e articulacións traballadas.

Son e produción

- Controlar a emisión do son, evitando ataques bruscos ou interrupcións innecesarias.
- Manter un son estable e homoxéneo nos rexistros traballados.
- Empregar a respiración de maneira adecuada para producir e manter frases de maior duración.
- Realizar cambios básicos de dinámica mantendo a estabilidade e calidade do son.
- Detectar e corrixir, coa orientación docente, dificultades básicas relacionadas coa afinación.

Ritmo

- Manter un pulso estable nos exercicios, estudos e obras traballados.
- Executar correctamente as combinacións rítmicas propias do nivel.
- Coordinar a interpretación co metrónomo, co acompañamento de piano ou con outros instrumentos.
- Manter a continuidade da interpretación ante pequenos erros rítmicos.

Interpretación

- Respectar as indicacións de tempo, dinámica, articulación e carácter presentes na partitura.
- Organizar as respiracións de acordo coa estrutura das frases.
- Identificar motivos, semifrases e frases en melodías sinxelas e aplicar este coñecemento á interpretación.
- Diferenciar frases e motivos mediante o uso da dinámica, articulación e intención musical.
- Interpretar estudos e obras mantendo continuidade, sentido musical e coherencia no fraseo.
- Identificar o carácter básico das obras traballadas e aplicalo mediante os recursos interpretativos propios do nivel.
- Interpretar o repertorio programado mantendo as notas, ritmos, articulacións e indicacións previamente traballadas.

Repertorio

- Interpretar con continuidade os estudos e obras establecidos para o curso.
- Resolver previamente as dificultades técnicas e musicais básicas presentes no repertorio.
- Aplicar ao repertorio os coñecementos adquiridos sobre escalas, articulación, respiración, fraseo, dinámica e ritmo.
- Memorizar e interpretar obras ou fragmentos seleccionados mantendo unha execución segura e adecuada ao nivel.

Autonomía e estudo

- Organizar o estudo das obras e exercicios por pequenos fragmentos, seguindo as indicacións do profesor ou profesora.
- Utilizar o metrónomo como ferramenta de estudo cando sexa necesario.
- Identificar erros básicos de notas, ritmo, dixitación, articulación, respiración ou afinación.
- Aplicar estratexias sinxelas para corrixir os erros detectados.
- Manter de maneira regular o traballo de estudo establecido.
- Mostrar constancia e capacidade de esforzo ante as dificultades propias da aprendizaxe do instrumento.

Práctica de conxunto

- Adaptarse á interpretación en agrupación, mantendo o pulso e seguindo as indicacións do profesor ou profesora.
- Escoitar as demais partes e coordinar a propia interpretación co resto dos integrantes.

- Respectar as entradas, finais, dinámicas, articulacións e cambios de tempo do conxunto.
- Mostrar unha actitude de colaboración e respecto durante o traballo colectivo.

Interpretación pública

- Interpretar diante do público mantendo unha postura adecuada e unha actitude de concentración durante toda a peza.
- Manter a continuidade da interpretación e recuperar o pulso despois dun pequeno erro sen interromper a execución.
- Mostrar seguridade progresiva na interpretación do repertorio preparado.
- Comunicar o carácter e a intención musical básica da obra mediante os recursos interpretativos traballados.
- Manter unha actitude de respecto e atención durante as interpretacións propias e alleas.

5.3.3 Mínimos esixibles

Para superar o segundo curso, o alumnado deberá ser capaz de:

- Interpretar ata o estudo n.º 16, incluído, dos *26 Estudios Elementales* de J. Lancelot e ata a lección n.º 16, incluída, de *La Clarinette Classique, vol. A*, de J. Lancelot e H. Classens, mostrando un control básico dos elementos técnicos e musicais traballados.
- Executar as escalas maiores e menores ata unha alteración, aplicando as dixitacións e articulacións traballadas durante o curso.
- Manter unha posición corporal, embocadura e respiración adecuadas durante a interpretación.
- Producir un son suficientemente estable e homoxéneo nas notas e rexistros traballados, empregando diferentes dinámicas.
- Executar as dixitacións e articulacións correspondentes ao repertorio estudado con suficiente coordinación e claridade.
- Manter un pulso suficientemente estable nos estudos e obras do nivel e respectar as principais indicacións rítmicas, de tempo e de dinámica.
- Identificar de maneira básica motivos, semifrases e frases e aplicar este coñecemento á respiración e ao fraseo.
- Interpretar o repertorio mantendo a continuidade e mostrando unha intención musical coherente co nivel.
- Mostrar unha capacidade básica de autonomía no estudo e aplicar as indicacións recibidas para resolver dificultades sinxelas.
- Mostrar constancia e capacidade de esforzo ante as dificultades propias da aprendizaxe do clarinete.

- Participar na práctica de conxunto, sendo capaz de manter o pulso, escoitar as demais partes e adaptarse ás indicacións do grupo.
- Interpretar unha parte dunha peza ou un fragmento previamente seleccionado de memoria.
- Participar en polo menos dúas audicións públicas, mostrando preparación, concentración e capacidade para manter ou recuperar a continuidade da interpretación despois de pequenos erros.

5.3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación establecerán o peso dos diferentes aspectos avaliados na cualificación final. A ponderación será a seguinte:

Instrumento de avaliación	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	40 %
Probas prácticas	20 %
Audicións	20 %
Outros	20 %
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula — 40 %

Valorarase o traballo realizado durante as clases e a evolución experimentada polo alumnado ao longo do curso. Teranse en conta:

- Progreso técnico e musical.
- Traballo diario e constancia.
- Preparación dos estudos e do repertorio.
- Traballo das escalas maiores e menores.
- Evolución da respiración, embocadura, postura, son, afinación, dixitación e articulación.
- Aplicación das indicacións realizadas polo profesor ou profesora.
- Capacidade progresiva para resolver dificultades técnicas e musicais.
- Evolución da autonomía no estudo.
- Comprensión e aplicación dos conceptos básicos de fraseo.

Probas prácticas — 20 %

Valorarase a realización das probas prácticas propostas ao longo do curso, tendo en conta:

- Execución das escalas establecidas.
- Dominio técnico do instrumento.

- Dixitación e coordinación das mans.
- Articulación.
- Respiración.
- Afinación.
- Control do ritmo e do tempo.
- Calidade e estabilidade do son.
- Control das dinámicas.
- Lectura a primeira vista, cando corresponda.
- Aplicación dos coñecementos técnicos e musicais ao repertorio.

Audicións — 20 %

Valorarase a participación nas audicións públicas e demais actividades de interpretación diante do público, tendo en conta:

- Preparación e dominio do repertorio.
- Calidade da interpretación.
- Son e afinación.
- Precisión rítmica.
- Respiración e continuidade das frases.
- Fraseo e articulación.
- Dinámica e carácter.
- Musicalidade e expresividade.
- Capacidade para manter ou recuperar a continuidade ante pequenos erros.
- Concentración e actitude no escenario.

Outros — 20 %

Neste apartado incluiranse aqueles aspectos do proceso de aprendizaxe que non queden suficientemente reflectidos nos anteriores:

- Actitude e interese.
- Comportamento e disciplina.
- Responsabilidade.
- Capacidade de esforzo e superación.
- Participación nas actividades propostas.
- Autonomía progresiva.
- Autoavaliación.
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.

- Coidado e mantemento do instrumento e do material.
- Participación e colaboración na práctica de conxunto.

O alumno ou alumna deberá superar o 40 % da cualificación correspondente a cada un dos apartados para poder realizar a media e ter a posibilidade de aprobar.

5.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor ou profesora titora do alumno ou alumna solicitará á Xefatura de Estudos a constitución dunha Xunta Avaliadora, na que cada profesor ou profesora deberá informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e sobre a capacidade do alumno ou alumna para afrontar os contidos e obxectivos do curso ao que aspire a acceder.

Teranse en conta especialmente o grao de adquisición dos contidos do curso, o progreso técnico e musical, a autonomía no estudo, a capacidade de aprendizaxe e a resposta ante as novas dificultades propias do curso superior.

5.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

5.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación ordinaria realizarase cando o alumno ou alumna non supere as aprendizaxes correspondentes ao período de avaliación. O profesor ou profesora determinará os exercicios, estudos, escalas e obras que deberá recuperar, atendendo aos criterios de avaliación non acadados.

A recuperación terá carácter práctico e consistirá na realización de exercicios técnicos e escalas, así como na interpretación de estudos e obras traballados durante o curso.

O alumnado deberá demostrar que é capaz de:

- Manter unha posición corporal equilibrada, unha embocadura estable e unha correcta colocación das mans e dos dedos.
- Empregar unha respiración adecuada para producir e manter o son nas frases traballadas.
- Producir un son estable e suficientemente homoxéneo nos rexistros correspondentes ao nivel.
- Executar as escalas maiores e menores ata unha alteración.
- Realizar as dixitacións e articulacións propias do nivel con suficiente coordinación e claridade.
- Manter un pulso regular e executar correctamente os ritmos traballados.
- Coordinarse co metrónomo ou co acompañamento cando proceda.
- Respectar as indicacións de tempo, dinámica, articulación e carácter da partitura.
- Identificar motivos, semifrases e frases sinxelas e aplicar este coñecemento á respiración e ao fraseo.

- Interpretar estudos e obras mantendo a continuidade e unha intención musical adecuada ao nivel.
- Identificar e corrixir, coa orientación docente, dificultades básicas.
- Mostrar constancia e capacidade de esforzo ante as dificultades.
- Adaptarse á práctica de conxunto cando esta forme parte da actividade de recuperación.

A cualificación da recuperación determinarase segundo o grao de adquisición dos criterios de avaliación correspondentes ás aprendizaxes non superadas.

5.4.2 Convocatoria extraordinaria de xuño

O alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica na que o alumno ou alumna terá que demostrar a adquisición das aprendizaxes e dos criterios de avaliación establecidos para 2.º curso.

Deberá interpretar:

- **Un estudo dos *26 Estudios Elementales* de J. Lancelot e unha obra de *La Clarinette Classique, vol. A*, de Lancelot-Classens, escollidos polo alumno ou alumna (40 %).**
- **Un estudo dos *26 Estudios Elementales* de J. Lancelot e unha obra de *La Clarinette Classique, vol. A*, de Lancelot-Classens, escollidos polo profesor ou profesora (40 %).**
- **Un exercicio axeitado ao nivel do alumno ou alumna para ler á vista (20 %).**

No primeiro apartado valorarase especialmente a preparación do repertorio e a capacidade para aplicar os coñecementos técnicos e musicais adquiridos.

No segundo valorarase a capacidade para resolver un repertorio non escollido previamente polo alumno ou alumna, atendendo especialmente á dixitación, articulación, respiración, ritmo, son, dinámica, fraseo e continuidade da interpretación.

Na lectura á vista valorarase a capacidade para manter o pulso, realizar as dixitacións traballadas, respectar as indicacións básicas da partitura e manter a continuidade da interpretación.

En todos os apartados teranse en conta, de acordo co nivel de 2.º curso, a posición corporal, embocadura, respiración, produción e estabilidade do son, afinación básica, precisión rítmica, dixitación, articulación, dinámica, fraseo, carácter, continuidade e capacidade para superar pequenos erros.

A cualificación final da proba obterase aplicando as porcentaxes establecidas para cada un dos tres apartados.

5.5 REPERTORIO E BIBLIOGRAFÍA ORIENTATIVA

O repertorio seleccionado para 2.º curso de Grao Elemental terá un carácter orientativo e poderá adaptarse ás características, necesidades e evolución de cada alumno ou alumna. Procurarase que o material empregado permita traballar de maneira progresiva os aspectos técnicos, rítmicos e musicais establecidos na programación, así como a práctica de conxunto e a interpretación pública.

Estudos e métodos

- *26 Estudios Elementales*, J. Lancelot, M. Trasatlantiques.
- *Aprende Tocando el Clarinete*, Peter Wastall, Rivera.
- *Método para Clarinete (1.ª parte)*, Antonio Romero, Unión Musical Española.

Obras e repertorio

- *La Clarinette Classique A*, J. Lancelot – H. Classens, M. Combre.
- *84 Dúos*, H. Voxman, Rubank Educational.
- *Music Through Time*, P. Harris, Oxford University Press.
- *El Clarinete en la Clase Colectiva, vol. 1*, Ibáñez Cursá, Rivera Editores.
- *Motivaciones 2*, Carlos López García-Picos, obra galega.

A selección concreta dos estudos e obras realizarase en función do nivel e da evolución de cada alumno ou alumna, procurando unha progresión equilibrada entre o traballo técnico individual, a interpretación musical, a práctica de conxunto e a preparación das audicións públicas.

5.6 RÚBRICA

A presente rúbrica utilizarase para valorar a recuperación ordinaria e a proba extraordinaria de xuño. Os indicadores seleccionados corresponden aos criterios de avaliación establecidos para 2.º curso e aplicaranse segundo as características da actividade ou proba realizada.

A escala de valoración será a seguinte:

- **4 – Excelente:** acada o criterio con seguridade, autonomía e corrección.
- **3 – Adecuado:** acada o criterio de maneira suficiente, aínda que presenta pequenos erros puntuais.
- **2 – En proceso:** acada parcialmente o criterio e presenta dificultades frecuentes.
- **1 – Non acadado:** non acada o criterio ou as dificultades impiden unha execución adecuada ao nivel.

1. Estudo e obra escollidos polo alumnado — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha posición corporal equilibrada e unha colocación adecuada das mans e dedos.				
Técnica	Emprega unha embocadura estable e executa as dixitacións con coordinación e fluidez.				
Técnica	Realiza as articulacións traballadas con claridade e regularidade.				
Son	Produce un son estable e homoxéneo nos rexistros traballados.				
Son	Emprega a respiración de maneira adecuada para manter as frases.				
Son	Realiza cambios básicos de dinámica mantendo a calidade sonora.				
Ritmo	Mantén un pulso estable e executa correctamente os ritmos traballados.				
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica e articulación.				
Interpretación	Identifica e diferencia frases e motivos mediante a respiración, dinámica e articulación.				
Interpretación	Interpreta a obra mantendo continuidade, fraseo e sentido musical.				
Interpretación	Transmite o carácter básico da obra mediante os recursos interpretativos traballados.				
Repertorio	Interpreta o estudo e a obra completos, mantendo as notas, ritmos e articulacións traballados.				

Valoración do apartado: ____ / 4

2. Estudo e obra escollidos polo profesor ou profesora — 40 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Adopta unha posición corporal adecuada e coloca correctamente mans e dedos.				
Técnica	Emprega unha embocadura estable e realiza as dixitacións correspondentes ao nivel.				
Técnica	Realiza as articulacións traballadas con suficiente coordinación e claridade.				
Son	Produce un son estable e homoxéneo nas notas e rexistros traballados.				
Son	Controla a respiración necesaria para manter as frases.				
Ritmo	Mantén un pulso estable e executa correctamente os ritmos propios do nivel.				
Ritmo	Coordina a interpretación co metrónomo ou co acompañamento cando proceda.				
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica, articulación e carácter.				
Interpretación	Aplica correctamente as respiracións e mantén a continuidade da frase.				
Interpretación	Mostra un fraseo coherente e unha intención musical adecuada ao nivel.				
Repertorio	Executa o estudo e a obra completos de acordo co nivel de 2.º curso.				

Valoración do apartado: ____ / 4

3. Lectura á vista — 20 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Aplica as dixitacións básicas traballadas con coordinación.				
Ritmo	Mantén un pulso regular durante a lectura.				
Ritmo	Executa correctamente as figuras e combinacións rítmicas propias do nivel.				
Interpretación	Respecta as indicacións básicas de tempo, dinámica e articulación.				
Interpretación	Identifica de maneira básica a estrutura da melodía e organiza as respiracións.				
Continuidade	Mantén a continuidade ante pequenos erros, evitando interrupcións innecesarias.				

Valoración do apartado: ____ / 4

Cálculo da cualificación

Apartado	Peso	Cualificación
Estudo + obra escollidos polo alumnado	40 %	____
Estudo + obra escollidos polo profesor/a	40 %	____
Lectura á vista	20 %	____
Cualificación final	**100 %**	**____**

Para obter a cualificación final, converterase a valoración de cada apartado á escala de 0 a 10 e aplicaranse as porcentaxes correspondentes:

Cualificación final = (Apartado 1 × 0,40) + (Apartado 2 × 0,40) + (Apartado 3 × 0,20)

A correspondencia entre a escala da rúbrica e a cualificación numérica será a seguinte:

Nivel	Descrición	Puntuación
4	Acadado de maneira excelente, con seguridade, autonomía e corrección	9–10
3	Acadado adecuadamente, con pequenos erros que non afectan á execución	7–8
2	Acadado parcialmente, con dificultades frecuentes que afectan á execución	5–6
1	Non acadado ou con dificultades que impiden unha execución adecuada	0–4

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para 2.º curso. Terase especialmente en conta a capacidade do alumnado para aplicar de maneira funcional e adecuada ao seu nivel os coñecementos técnicos e musicais traballados, así como a súa evolución, autonomía, capacidade de esforzo e participación na práctica musical colectiva.

6. 3.º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

6.1 Obxectivos

- Dominar progresivamente as escalas maiores e menores naturais, harmónicas e melódicas ata tres alteracións, así como a escala cromática, dentro do rexistro correspondente ao nivel.
- Coñecer e utilizar as notas do clarinete ata o Do5, adquirindo seguridade nas dixitacións correspondentes.
- Coñecer o concepto de afinación e os principais medios dos que se dispón para comprobala e corrixila.
- Desenvolver a sensibilidade auditiva necesaria para controlar progresivamente a afinación e mellorar a calidade do son.
- Consolidar unha correcta posición corporal, embocadura e respiración, coordinándoas coa dixitación e a articulación.
- Desenvolver a capacidade para interpretar estudos e obras de dificultade progresiva, aplicando correctamente os aspectos técnicos e musicais traballados.
- Comprender e aplicar conceptos básicos relacionados co fraseo musical, identificando motivos, frases, puntos de tensión e repouso.
- Desenvolver progresivamente a autonomía no estudo, adquirindo hábitos de traballo que permitan identificar e resolver as principais dificultades técnicas e musicais.
- Desenvolver a capacidade de integración nun grupo musical, aprendendo a escoitar e adaptar a propia interpretación á dos demais integrantes.
- Memorizar e interpretar fragmentos musicais breves adecuados ao nivel.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista mediante a práctica de textos musicais de dificultade acorde ao curso.
- Adquirir seguridade e concentración na interpretación en público.

6.2 Contidos

- Práctica das escalas maiores e menores naturais, harmónicas e melódicas ata tres alteracións, así como da escala cromática, con diferentes articulacións, dentro do rexistro comprendido entre o Mi grave e o Do5.
- Práctica de exercicios de dixitación, articulación, coordinación, flexibilidade e igualdade.
- Coñecemento e práctica das notas correspondentes ao rexistro do clarinete ata o Do5.
- Consolidación da posición corporal, embocadura e respiración adecuadas á práctica instrumental.
- Traballo da emisión e estabilidade do son nos diferentes rexistros do instrumento.

- Práctica de diferentes dinámicas procurando manter a calidade e homoxeneidade do son.
- Introdución ao concepto de afinación e utilización do oído, do afinador e doutros recursos básicos para a súa comprobación e corrección.
- Práctica da respiración como elemento necesario para a construción e continuidade das frases musicais.
- Práctica dos elementos básicos do fraseo: motivo, frase, puntos de tensión e repouso e planos dinámicos.
- Aplicación dos elementos de articulación, dinámica, tempo, carácter e fraseo ao repertorio traballado.
- Desenvolvemento progresivo da autonomía no estudo e utilización do metrónomo e do afinador como ferramentas de traballo.
- Práctica da memoria mediante a preparación de fragmentos musicais breves.
- Práctica da lectura a primeira vista de exercicios e fragmentos de dificultade adecuada ao nivel.
- Interpretación de estudos, dúos e obras do repertorio establecido para o curso.
- Práctica de conxunto con outros clarinetistas e/ou instrumentistas, favorecendo a escoita, coordinación e adaptación ao grupo.
- Preparación e interpretación de obras diante do público.

6.3 Avaliación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e individualizada, tendo en conta tanto a adquisición dos coñecementos e habilidades propios de cada curso como a evolución e o progreso experimentados ao longo do curso.

Cómpre establecer unha separación clara entre os procedementos de avaliación e os criterios de cualificación.

6.3.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

Para realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación sistemática.
- Traballo diario na aula.
- Probas prácticas.
- Audicións públicas.
- Exames, cando proceda.
- Traballos escritos, cando proceda.

- Rexistros de seguimento.
- Autoavaliación.
- Interpretación de obras, estudos, dúos e fragmentos do repertorio correspondente ao curso.
- Exercicios de escalas, arpexos, articulación, dixitación, afinación, son, respiración e outros aspectos técnicos.
- Exercicios de memoria.
- Lectura a primeira vista.
- Traballo de repertorio con piano.
- Práctica de conxunto con outros clarinetistas e/ou instrumentistas.

Os instrumentos empregados adaptaranse ás características e ao nivel de cada curso.

6.3.2 Criterios de avaliación

- Dominar, dentro das posibilidades propias do nivel, as escalas maiores e menores naturais, harmónicas e melódicas ata tres alteracións, así como a escala cromática.
- Coñecer e utilizar as notas e dixitacións correspondentes ao rexistro do clarinete ata o Do5.
- Coñecer o concepto básico de afinación e os medios dos que se dispón para comprobala e corrixila.
- Desenvolver unha sensibilidade auditiva que permita detectar problemas básicos de afinación e contribuír ao perfeccionamento progresivo da calidade sonora.
- Manter unha posición corporal, embocadura e respiración adecuadas, así como unha correcta coordinación entre dixitación e articulación.
- Executar os estudos, dúos e obras correspondentes ao nivel mantendo unha pulsación estable, unha articulación clara e unha emisión suficientemente controlada.
- Aplicar as indicacións de tempo, dinámica, articulación, respiración, fraseo e carácter presentes no repertorio.
- Comprender e aplicar de maneira básica os elementos do fraseo musical, diferenciando motivos, frases e puntos de tensión e repouso.
- Desenvolver progresivamente a autonomía no estudo, sendo capaz de identificar dificultades básicas e aplicar estratexias sinxelas para a súa resolución.
- Desenvolver a capacidade de integración nun grupo musical, adaptando a propia interpretación ao conxunto e mostrando capacidade de escoita e coordinación cos demais integrantes.
- Memorizar e interpretar fragmentos musicais breves, mantendo a seguridade rítmica e musical.

- Realizar lecturas a primeira vista de textos musicais cunha dificultade acorde co nivel do curso, mantendo o pulso e a continuidade da interpretación.
- Interpretar diante do público mantendo a concentración, a continuidade e unha actitude adecuada, mostrando progresivamente maior seguridade e capacidade comunicativa.

6.3.3 Mínimos esixibles

- Interpretar ata o estudo n.º 15 dos *25 Estudios fáciles y progresivos* de J. Lancelot, mostrando un control básico dos aspectos técnicos, rítmicos e musicais traballados durante o curso.
- Interpretar os dúos n.º 1 ao n.º 9 de A. Romero, dentro dos traballados durante o curso, mantendo unha correcta coordinación co outro intérprete.
- Interpretar polo menos unha obra da programación ou outra de nivel similar, aplicando as indicacións básicas de tempo, dinámica, articulación, respiración, fraseo e carácter.
- Executar as escalas maiores e menores naturais, harmónicas e melódicas ata tres alteracións, así como a escala cromática, dentro do rexistro traballado durante o curso.
- Coñecer e utilizar as dixitacións correspondentes ás notas traballadas ata o Do5, mostrando seguridade suficiente na súa execución.
- Manter unha posición corporal, embocadura e respiración adecuadas durante a interpretación.
- Producir un son suficientemente estable e uniforme nos rexistros traballados, realizando cambios básicos de dinámica sen perder de maneira significativa a calidade sonora.
- Utilizar a respiración de maneira consciente e adecuada á estrutura das frases estudadas.
- Comprender o concepto básico de afinación, utilizar o afinador como ferramenta de estudo e detectar, coa orientación do profesor ou profesora, problemas básicos de afinación.
- Manter un pulso suficientemente estable e executar os elementos rítmicos traballados, incluídas as combinacións rítmicas e cambios de compás propios do nivel.
- Aplicar as indicacións básicas de articulación, dinámica, tempo e carácter presentes no repertorio.
- Identificar e aplicar de maneira básica as características de estilo das obras traballadas mediante a articulación, dinámica, fraseo e carácter.
- Interpretar un fragmento significativo dunha obra ou peza de memoria, mantendo seguridade rítmica e musical.

- Realizar unha lectura a primeira vista de dificultade acorde ao nivel, mantendo o pulso e a continuidade da interpretación.
- Participar na práctica de conxunto, mostrando capacidade para escoitar as demais partes e adaptar a propia interpretación ao grupo.
- Participar en polo menos dúas audicións públicas, mostrando concentración, preparación e capacidade para manter a continuidade da interpretación ante pequenos erros.

6.3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación establecerán o peso dos diferentes aspectos avaliados na cualificación final. A ponderación será a seguinte:

Instrumento de avaliación	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	40 %
Probas prácticas	20 %
Audicións	20 %
Outros	20 %
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula – 40 %

Valorarase o traballo realizado durante as clases e a evolución experimentada polo alumnado ao longo do curso. Teranse en conta, entre outros aspectos:

- Progreso técnico e musical.
- Traballo diario e constancia.
- Preparación dos estudos e do repertorio.
- Traballo das escalas e exercicios técnicos.
- Evolución da calidade sonora, afinación, articulación, dixitación, respiración e postura.
- Aplicación das indicacións realizadas polo profesor ou profesora.
- Capacidade para identificar e resolver dificultades.
- Uso do metrónomo e do afinador como ferramentas de estudo.
- Desenvolvemento progresivo da autonomía.
- Capacidade de esforzo e superación ante as dificultades propias da aprendizaxe.

Probas prácticas – 20 %

Valorarase a realización das probas prácticas propostas ao longo do curso, tendo en conta:

- Execución das escalas e exercicios técnicos establecidos.
- Dominio das dixitacións correspondentes ao nivel.

- Articulación e coordinación.
- Control da respiración.
- Calidade e estabilidade do son.
- Afinación.
- Control do ritmo e do tempo.
- Aplicación das dinámicas.
- Lectura a primeira vista, cando corresponda.
- Interpretación de fragmentos de memoria.
- Aplicación dos coñecementos técnicos e musicais ao repertorio.

Audicións – 20 %

Valorarase a participación nas audicións públicas e demais actividades de interpretación diante do público, tendo en conta:

- Preparación e dominio do repertorio.
- Calidade da interpretación.
- Son e afinación.
- Precisión rítmica.
- Respiración e continuidade das frases.
- Articulación e fraseo.
- Dinámica e carácter.
- Musicalidade e expresividade.
- Capacidade para manter a continuidade ante pequenos erros.
- Concentración e actitude no escenario.
- Capacidade de adaptación ao acompañamento ou ao conxunto, cando proceda.

Outros – 20 %

Neste apartado poderán incluírse aqueles aspectos do proceso de aprendizaxe que non queden suficientemente reflectidos nos apartados anteriores:

- Actitude e interese.
- Comportamento e disciplina.
- Responsabilidade.
- Capacidade de esforzo e superación.
- Participación nas actividades propostas.
- Autoavaliación.
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.

- Coidado e mantemento do instrumento e do material.
- Participación, colaboración e integración na práctica de conxunto.

O alumno ou alumna deberá superar o 40 % da cualificación correspondente a cada un dos apartados para poder realizar a media e ter a posibilidade de aprobar.

6.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor ou profesora titora do alumno ou alumna solicitará á Xefatura de Estudos a constitución dunha Xunta Avaliadora, na que cada profesor ou profesora deberá informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e sobre a capacidade do alumno ou alumna para afrontar os contidos e obxectivos do curso ao que aspire a acceder.

Teranse en conta especialmente o grao de adquisición dos contidos do curso, o progreso técnico e musical, a autonomía no estudo, a capacidade de aprendizaxe e a resposta ante as novas dificultades propias do curso superior.

6.4 Medidas de recuperación

6.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación ordinaria realizarase cando o alumno ou alumna non supere as aprendizaxes correspondentes ao período de avaliación. O profesor ou profesora determinará os exercicios, escalas, estudos, dúos e obras que deberá recuperar, atendendo aos criterios de avaliación non acadados.

A recuperación terá carácter práctico e consistirá na realización de exercicios técnicos e escalas, así como na interpretación de estudos, dúos e obras traballados durante o curso.

O alumnado deberá demostrar que é capaz de:

- Manter unha posición corporal equilibrada, unha embocadura estable e unha correcta colocación das mans e dos dedos.
- Executar as escalas maiores e menores naturais, harmónicas e melódicas ata tres alteracións, así como a escala cromática, dentro do rexistro traballado.
- Executar as dixitacións correspondentes ás notas traballadas ata o Do5 con suficiente coordinación.
- Empregar unha respiración adecuada para producir e manter o son nas frases traballadas.
- Manter unha sonoridade estable e suficientemente homoxénea nos diferentes rexistros.
- Detectar, mediante a escoita e coa orientación docente, problemas básicos de afinación e aplicar os recursos indicados para corrixilos.
- Manter un pulso regular e executar correctamente os elementos rítmicos traballados.
- Respectar as indicacións de tempo, dinámica, articulación e carácter presentes na partitura.

- Aplicar os coñecementos básicos de fraseo e organizar as respiracións de acordo coa estrutura das frases.
- Interpretar estudos, dúos e obras mantendo continuidade, seguridade e sentido musical.
- Memorizar e interpretar un fragmento breve previamente seleccionado.
- Realizar unha lectura a primeira vista adecuada ao nivel.
- Integrarse nunha práctica de conxunto, escoitando as demais partes e adaptando a propia interpretación ao grupo.

A cualificación da recuperación determinarase segundo o grao de adquisición dos criterios de avaliación correspondentes ás aprendizaxes non superadas.

6.4.2 Convocatoria extraordinaria de xuño

O alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica na que o alumno ou alumna terá que demostrar a adquisición das aprendizaxes e dos criterios de avaliación establecidos para 3.º curso.

Deberá interpretar:

- Un estudo dos *25 Estudios fáciles y progresivos* de J. Lancelot e un dúo de A. Romero, escollidos polo alumno ou alumna (30 %).
- Un estudo dos *25 Estudios fáciles y progresivos* de J. Lancelot e un dúo de A. Romero, escollidos polo profesor ou profesora (30 %).
- Unha das obras traballadas durante o curso, seleccionada por sorteo (30 %).
- Un exercicio axeitado ao nivel do alumno ou alumna para ler á vista (10 %).

No primeiro apartado valorarase especialmente a preparación do repertorio e a capacidade para aplicar os coñecementos técnicos e musicais adquiridos.

No segundo valorarase a capacidade para resolver un repertorio non escollido previamente polo alumno ou alumna, atendendo especialmente á dixitación, articulación, respiración, ritmo, son, afinación, dinámica, fraseo e continuidade.

Na obra seleccionada por sorteo valorarase a capacidade para integrar os diferentes elementos técnicos e musicais traballados durante o curso e para manter unha interpretación coherente co carácter da obra.

Na lectura á vista valorarase a capacidade para manter o pulso, aplicar as dixitacións coñecidas, respectar as indicacións básicas da partitura e manter a continuidade da interpretación.

En todos os apartados teranse en conta, de acordo co nivel de 3.º curso, a posición corporal, embocadura, respiración, produción e estabilidade do son, afinación, precisión rítmica, dixitación, articulación, dinámica, fraseo, carácter, continuidade e capacidade para superar pequenos erros.

A cualificación final da proba obterase aplicando as porcentaxes establecidas para cada un dos catro apartados.

6.5 Rúbrica

A presente rúbrica utilizarase para valorar a recuperación ordinaria e a proba extraordinaria de xuño. Os indicadores seleccionados corresponden aos criterios de avaliación establecidos para 3.º curso e aplicaranse segundo as características da actividade ou proba realizada.

A escala de valoración será a seguinte:

- **4 – Excelente:** acada o criterio con seguridade, autonomía e corrección.
- **3 – Adecuado:** acada o criterio de maneira suficiente, aínda que presenta pequenos erros puntuais.
- **2 – En proceso:** acada parcialmente o criterio e presenta dificultades frecuentes.
- **1 – Non acadado:** non acada o criterio ou as dificultades impiden unha execución adecuada ao nivel.

1. Estudo e dúo escollidos polo alumnado — 30 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha posición corporal equilibrada e unha embocadura estable.				
Técnica	Executa as dixitacións correspondentes ao nivel con coordinación e fluidez.				
Técnica	Realiza as articulacións traballadas con claridade e regularidade.				
Son	Produce un son estable e homoxéneo nos rexistros traballados.				
Son	Emprega unha respiración adecuada á duración das frases.				
Afinación	Mostra capacidade para escoitar e manter unha afinación básica adecuada.				
Ritmo	Mantén un pulso estable e executa correctamente os ritmos traballados.				
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica, articulación e carácter.				
Interpretación	Aplica o fraseo e organiza as respiracións de acordo coa estrutura musical.				
Interpretación	Transmite o carácter da obra mediante os recursos interpretativos traballados.				
Repertorio	Interpreta o estudo e o dúo mantendo continuidade e seguridade.				

Valoración do apartado: ____ / 4

2. Estudo e dúo escollidos polo profesor ou profesora — 30 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Adopta unha posición corporal adecuada e mantén unha embocadura estable.				
Técnica	Realiza as dixitacións e articulacións correspondentes ao nivel.				
Son	Produce un son estable e suficientemente homoxéneo.				
Son	Controla a respiración para manter as frases traballadas.				
Afinación	Detecta e corrixe, coa orientación docente, problemas básicos de afinación.				
Ritmo	Mantén un pulso estable e executa correctamente os ritmos.				
Interpretación	Respecta tempo, dinámica, articulación e carácter.				
Interpretación	Aplica un fraseo coherente coa estrutura da obra.				
Continuidade	Mantén a continuidade da interpretación ante pequenos erros.				
Repertorio	Executa o estudo e o dúo de acordo co nivel de 3.º curso.				

Valoración do apartado: ____ / 4

3. Obra seleccionada por sorteo — 30 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha posición corporal e unha embocadura adecuadas durante a interpretación.				
Son	Mantén unha sonoridade estable nos diferentes rexistros da obra.				
Afinación	Mostra control auditivo básico da afinación.				
Ritmo	Mantén o pulso e executa os ritmos propios da obra.				
Respiración	Organiza as respiracións de acordo coa estrutura das frases.				
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica e articulación.				
Interpretación	Desenvolve un fraseo coherente e adecuado ao carácter da obra.				
Musicalidade	Mostra intención musical e capacidade expresiva acorde ao nivel.				
Continuidade	Mantén a continuidade da interpretación ante pequenos erros.				

Valoración do apartado: ____ / 4

4. Lectura á vista — 10 %

Criterio	Indicador observable
Técnica	Aplica as dixitacións correspondentes ao nivel con suficiente coordinación.
Ritmo	Mantén un pulso estable durante a lectura.
Ritmo	Executa correctamente as figuras e combinacións rítmicas propias do nivel.
Interpretación	Respecta as indicacións básicas de tempo, dinámica e articulación.
Continuidade	Mantén a continuidade ante pequenos erros sen interromper innecesariamente a interpretación.

Valoración do apartado: ____ / 4

Cálculo da cualificación

Apartado	Peso	Cualificación
Estudo + dúo escollidos polo alumnado	30 %	____
Estudo + dúo escollidos polo profesor/a	30 %	____
Obra seleccionada por sorteo	30 %	____
Lectura á vista	10 %	____
Cualificación final	**100 %**	**____**

Para obter a cualificación final, converterase a valoración de cada apartado á escala de 0 a 10 e aplicaranse as porcentaxes correspondentes:

Cualificación final = (Apartado 1 × 0,30) + (Apartado 2 × 0,30) + (Apartado 3 × 0,30) + (Apartado 4 × 0,10)

A correspondencia entre a escala da rúbrica e a cualificación numérica será a seguinte:

Nivel	Descrición	Puntuación
4	Acadado de maneira excelente, con seguridade, autonomía e corrección	9–10
3	Acadado adecuadamente, con pequenos erros que non afectan á execución	7–8
2	Acadado parcialmente, con dificultades frecuentes que afectan á execución	5–6
1	Non acadado ou con dificultades que impiden unha execución adecuada	0–4

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para 3.º curso. Terase especialmente en conta a capacidade do alumnado para aplicar de maneira funcional e adecuada ao seu nivel os coñecementos técnicos e musicais traballados, así como a súa evolución, autonomía, capacidade de esforzo, sensibilidade auditiva e participación na práctica musical colectiva.

6.6 Repertorio e bibliografía orientativa

TERCEIRO CURSO (GRAO ELEMENTAL)

Estudos:

- *25 Estudios fáciles y progresivos* — J. Lancelot — M. Trasatlantiques.
- *Método para Clarinete (1.ª parte)* — Antonio Romero — Unión Musical Española.
- *Método Completo para Clarinete* — H. Klosé — Música Moderna.

Obras:

- *Berceuse* — G. Fauré.
- *Romance* — T. Dubois.
- *Dúo n.º 2 para clarinete y piano* — Carlos M. Cambeiro Alís. Obra galega.
- *La Clarinette Classique B* — J. Lancelot – H. Classens — M. Combre.
- *Play Gershwin* — Alan Gout — Faber Music.
- *Petite Pièce para clarinete e piano* — C. Debussy — Durand.
- *Divertimento n.º 1 para clarinete e piano* — W. A. Mozart.
- *Dúo n.º 1 para clarinete y piano* — Carlos M. Cambeiro Alís. Obra galega.

O repertorio e a bibliografía teñen carácter orientativo. Poderán empregarse outras obras, estudos ou materiais de dificultade e características similares, atendendo ás necesidades, características e evolución de cada alumno ou alumna.

7. 4.º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

7.1 Obxectivos

Ao finalizar o 4.º curso de Grao Elemental, o alumnado deberá ser capaz de:

- Dominar as escalas maiores e menores ata catro alteracións, así como a escala cromática, empregando diferentes articulacións.
- Ampliar e consolidar o rexistro do clarinete ata o Mi5, mellorando progresivamente a seguridade, a afinación e a calidade da emisión.
- Consolidar unha posición corporal equilibrada, unha embocadura estable e unha correcta coordinación entre respiración, dixitación e articulación.
- Aplicar na práctica instrumental os coñecementos adquiridos na clase de Linguaxe Musical, especialmente os relacionados coa lectura, o ritmo, a dinámica, a articulación e a estrutura musical.
- Desenvolver unha maior conciencia da afinación a través da escoita e da capacidade para realizar correccións básicas.
- Preparar e interpretar un repertorio variado, con obras de diferentes épocas e estilos, empregando os recursos técnicos e expresivos adecuados a cada unha delas.
- Desenvolver a capacidade para construír frases musicais coherentes, diferenciando os seus puntos de tensión e repouso mediante a respiración, a dinámica, a articulación e o carácter.
- Desenvolver progresivamente a autonomía no estudo, sendo capaz de identificar dificultades e empregar recursos adecuados para resolvelas.
- Memorizar fragmentos musicais extensos, incluíndo movementos ou pezas curtas adecuadas ao nivel.
- Desenvolver a capacidade de integración e colaboración en diferentes formacións musicais, adaptándose ás necesidades do conxunto.
- Desenvolver a lectura a primeira vista de textos musicais cunha dificultade acorde co nivel do curso.
- Desenvolver a capacidade de comunicación musical diante do público, empregando de maneira natural a postura, o movemento corporal, a expresión facial e a actitude escénica.

7.2 Contidos

- Práctica das escalas maiores e menores ata catro alteracións, empregando diferentes articulacións e velocidades.
- Práctica da escala cromática desde o Mi2 ata o Mi5.
- Práctica de exercicios técnicos destinados a mellorar a dixitación, articulación, coordinación, flexibilidade e control da emisión.

- Consolidación da posición corporal, embocadura, respiración e colocación das mans e dos dedos.
- Traballo da calidade, estabilidade e homoxeneidade do son nos diferentes rexistros utilizados.
- Práctica de diferentes dinámicas e cambios de intensidade mantendo a calidade sonora e a afinación.
- Desenvolvemento da percepción auditiva aplicada ao control da afinación e á corrección de pequenos desaxustes.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos en Linguaxe Musical á práctica instrumental.
- Práctica da lectura e interpretación de repertorio de diferentes épocas e estilos.
- Traballo dos elementos básicos da estrutura musical: motivo, frase, semifrase, períodos, tensión e repouso.
- Práctica da respiración como elemento fundamental para a construción e organización da frase musical.
- Traballo da articulación, dinámica, carácter e demais recursos expresivos presentes no repertorio.
- Práctica da memoria mediante a preparación de fragmentos musicais de maior extensión.
- Desenvolvemento da autonomía no estudo e aplicación de diferentes estratexias para resolver dificultades técnicas e musicais.
- Práctica da lectura a primeira vista de exercicios e fragmentos adecuados ao nivel.
- Práctica de conxunto con outros clarinetistas, pianista e outras formacións instrumentais.
- Desenvolvemento da presenza escénica e da capacidade de comunicación a través do corpo, o movemento e a expresión.
- Interpretación pública do repertorio traballado ao longo do curso.

7.3 Avaliación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e individualizada, tendo en conta tanto a adquisición dos coñecementos e habilidades propios de 4.º curso como a evolución e o progreso experimentados ao longo do curso.

Cómpre establecer unha separación clara entre os procedementos de avaliación e os criterios de cualificación.

7.3.1 Procedementos e ferramentas de avaliación

Para realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación sistemática.
- Traballo diario na aula.
- Probas prácticas.
- Audicións públicas.
- Exames, cando proceda.
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.
- Autoavaliación.
- Interpretación de obras e fragmentos do repertorio correspondente ao curso.
- Exercicios de escalas, arpexos, articulación, dixitación, afinación, son e outros aspectos técnicos.
- Lectura a primeira vista.
- Traballo de repertorio con piano, agrupacións, orquestra e/ou banda.

Os instrumentos empregados adaptaranse ás características e ao nivel de cada alumno ou alumna, permitindo valorar tanto o resultado final como o proceso de aprendizaxe e a evolución experimentada ao longo do curso.

7.3.2 Criterios de avaliación

Técnica

- Executar con seguridade as escalas, arpexos e exercicios técnicos establecidos para o nivel.
- Coordinar con fluidez a dixitación, a articulación e a respiración.
- Manter precisión e regularidade nas diferentes articulacións traballadas.
- Resolver as dificultades básicas de dixitación presentes no repertorio.
- Empregar os recursos técnicos adquiridos na interpretación do repertorio correspondente ao nivel.

Son e produción

- Manter un son estable, homoxéneo e de calidade nos diferentes rexistros utilizados.
- Controlar diferentes niveis dinámicos mantendo a calidade sonora e a afinación.
- Empregar conscientemente a respiración para organizar as frases musicais.
- Detectar, mediante a propia escoita, problemas básicos de afinación e realizar as correccións necesarias.
- Desenvolver progresivamente a flexibilidade e o control da emisión.

Ritmo

- Executar con precisión os ritmos presentes no repertorio do curso.

- Manter un pulso interno estable durante toda a interpretación.
- Coordinarse ritmicamente co piano e coas formacións de conxunto.
- Adaptar o tempo e o pulso ás necesidades da interpretación colectiva.

Interpretación

- Construír frases musicais coherentes e diferenciadas mediante o emprego da respiración, a dinámica e a articulación.
- Empregar adecuadamente a dinámica, a articulación, a respiración e o carácter de acordo coas indicacións da partitura.
- Manter unha concepción musical global ao longo dunha obra.
- Aplicar recursos expresivos sen comprometer a estabilidade técnica.
- Identificar e aplicar as características interpretativas básicas propias dos períodos e estilos presentes no repertorio traballado.
- Diferenciar a interpretación de obras de estilos e caracteres contrastantes.

Repertorio

- Interpretar o repertorio programado con suficiente dominio técnico e musical.
- Interpretar de memoria obras, movementos ou fragmentos seleccionados.
- Demostrar comprensión da estrutura e do carácter das obras interpretadas.

Autonomía

- Planificar o estudo dunha obra diferenciando as dificultades técnicas e musicais.
- Seleccionar procedementos de estudo adecuados para resolver dificultades concretas.
- Detectar erros mediante a escoita crítica da propia interpretación.
- Introducir modificacións no proceso de estudo a partir dos resultados obtidos.
- Aplicar progresivamente de maneira autónoma as indicacións e correccións realizadas na aula.

Interpretación pública

- Interpretar en público cunha preparación técnica e musical suficiente.
- Manter a concentración e a continuidade durante toda a actuación.
- Recuperar a interpretación ante pequenos imprevistos ou erros sen perder a estrutura musical.
- Comunicar de maneira clara o carácter e a intención musical da obra mediante os recursos interpretativos e corporais traballados.

7.3.3 Mínimos esixibles

Para superar 4.º curso de Grao Elemental, o alumnado deberá demostrar un nivel básico de adquisición dos contidos e competencias establecidos, concretado nos seguintes mínimos:

- Interpretar ata o estudo 10 dos **33 Estudios Assez Faciles, vol. 1**, de J. Lancelot, mostrando un control básico dos aspectos técnicos traballados.
- Interpretar os **dúos 10 ao 21 de A. Romero**, seleccionando aqueles traballados durante o curso.
- Interpretar un mínimo de **dúas obras** da programación ou de nivel similar, mostrando un nivel de dominio acorde co curso.
- Executar as escalas, arpexos e exercicios técnicos básicos traballados durante o curso.
- Manter unha sonoridade suficientemente estable e homoxénea nos rexistros utilizados.
- Aplicar de maneira básica a respiración, a articulación, a dinámica e o carácter nas obras e estudos traballados.
- Manter un pulso suficientemente estable tanto nas interpretacións individuais como nas de conxunto.
- Comezar a diferenciar as características interpretativas máis sinxelas dos diferentes estilos presentes no repertorio traballado.
- Interpretar de memoria unha parte dunha obra ou movemento previamente seleccionado.
- Realizar pequenas lecturas a primeira vista adecuadas ao nivel, mantendo de maneira básica o pulso, o ritmo e a continuidade.
- Participar en polo menos dúas audicións públicas, mostrando preparación, concentración e capacidade para manter a continuidade da interpretación.

7.3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación establecerán o peso dos diferentes aspectos avaliados na cualificación final. A ponderación será a seguinte:

Instrumento de avaliación	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	40 %
Probas prácticas	20 %
Audicións	20 %
Outros	20 %
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula – 40 %

Valorarase o traballo realizado durante as clases e a evolución experimentada polo alumnado ao longo do curso. Teranse en conta:

- Progreso técnico e musical.
- Traballo diario e constancia.
- Preparación do repertorio.
- Calidade da práctica instrumental.
- Adquisición progresiva de autonomía.
- Aplicación das indicacións realizadas polo profesor ou profesora.
- Evolución da calidade sonora, afinación, articulación, dixitación, respiración e postura.
- Capacidade para identificar e resolver dificultades.
- Preparación do estudo e organización do traballo.

Probas prácticas – 20 %

Valorarase a realización das probas prácticas propostas ao longo do curso, tendo en conta:

- Dominio técnico do instrumento.
- Escalas e exercicios técnicos.
- Articulación e dixitación.
- Afinación.
- Control do ritmo e do tempo.
- Calidade e estabilidade do son.
- Lectura a primeira vista, cando corresponda.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos ao repertorio.
- Capacidade para manter a continuidade da interpretación.

Audicións – 20 %

Valorarase a participación nas audicións públicas e demais actividades de interpretación diante do público, tendo en conta:

- Preparación e dominio do repertorio.
- Calidade da interpretación.
- Son e afinación.
- Fraseo, respiración e articulación.
- Musicalidade e expresividade.
- Adecuación ao carácter e estilo da obra.
- Capacidade comunicativa.
- Concentración e continuidade.

- Actitude e comportamento no escenario.
- Capacidade para interpretar individualmente ou en agrupación.

Outros – 20 %

Neste apartado poderán incluírse aqueles aspectos do proceso de aprendizaxe que non queden suficientemente reflectidos nos apartados anteriores:

- Actitude e interese.
- Comportamento e disciplina.
- Responsabilidade.
- Participación nas actividades propostas.
- Autoavaliación.
- Traballos escritos, cando proceda.
- Rexistros de seguimento.
- Coidado e mantemento do instrumento e do material.
- Práctica de conxunto e colaboración co grupo.
- Capacidade de organización e autonomía no estudo.

7.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor ou profesora titor/a do alumno ou alumna solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor ou profesora deberá informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e sobre a posibilidade de afrontar os contidos e obxectivos correspondentes ao curso ao que aspire a acceder.

A decisión terá en conta o grao de adquisición dos aprendizaxes do curso, a evolución demostrada polo alumnado e a súa capacidade para asumir de maneira satisfactoria as esixencias do novo nivel.

7.4 Medidas de recuperación

7.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación ordinaria realizarase cando o alumno ou alumna non supere os aprendizaxes correspondentes ao período de avaliación. O profesor ou profesora determinará os exercicios, estudos e obras que deberá recuperar, atendendo aos criterios de avaliación non acadados.

A recuperación terá carácter práctico e consistirá na realización de exercicios técnicos e na interpretación de estudos e obras traballados durante o curso. O alumnado deberá demostrar que é capaz de:

- Manter unha posición corporal equilibrada, unha embocadura estable e unha correcta colocación das mans e dos dedos.
- Executar as dixitacións e articulacións propias do nivel con coordinación, precisión e regularidade.
- Executar as escalas e exercicios técnicos correspondentes ao curso.

- Producir e manter un son estable e homoxéneo nos rexistros traballados.
- Empregar a respiración de maneira consciente para organizar as frases musicais.
- Manter unha afinación básica adecuada e realizar pequenas correccións a partir da propia escoita.
- Manter un pulso estable e executar con precisión os ritmos presentes no repertorio.
- Coordinarse ritmicamente co piano ou cos demais integrantes do conxunto cando proceda.
- Respectar as indicacións de tempo, dinámica, articulación e carácter presentes na partitura.
- Construír frases musicais coherentes e manter unha concepción global da obra.
- Aplicar recursos interpretativos adecuados ás características básicas do repertorio traballado.
- Interpretar o repertorio establecido con suficiente dominio técnico e musical.
- Manter a continuidade da interpretación ante pequenos erros ou imprevistos.
- Demostrar unha progresiva autonomía no estudo e na resolución das dificultades.

A cualificación da recuperación determinarase segundo o grao de adquisición dos criterios de avaliación correspondentes ás aprendizaxes non superadas.

A non xustificación de catro ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á Xefatura de Estudos, que procederá ao correspondente aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais e informará da posibilidade de recuperación mediante unha proba establecida polo profesor ou profesora.

Nestes casos, o profesor ou profesora e/ou o departamento didáctico establecerá o sistema de avaliación extraordinario que considere oportuno.

7.4.2 Convocatoria extraordinaria de xuño

O alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica na que o alumno ou alumna deberá demostrar a adquisición das aprendizaxes e dos criterios de avaliación establecidos para 4.º curso.

Deberá interpretar:

- **Un estudo dos 33 Estudios Assez Faciles, vol. 1, de J. Lancelot, e un dos dúos 10 ao 21 de A. Romero, escollidos polo alumno ou alumna (30 %).**
- **Un estudo dos 33 Estudios Assez Faciles, vol. 1, de J. Lancelot, e un dos dúos 10 ao 21 de A. Romero, escollidos polo profesor ou profesora (30 %).**
- **Dúas obras da programación ou de nivel similar (30 %)**, nas que se poida valorar a adquisición dos obxectivos e criterios establecidos para o curso.

- **Unha obra ou estudo adecuado ao nivel do alumno ou alumna para a lectura a primeira vista (10 %).**

  En todos os apartados teranse en conta os seguintes aspectos: posición corporal, embocadura, dixitación, articulación, respiración, produción e estabilidade do son, afinación, precisión rítmica, dinámica, tempo, fraseo, carácter, continuidade e adecuación da interpretación ao nivel de 4.º curso.

  A cualificación final da proba obterase aplicando as porcentaxes establecidas para cada un dos catro apartados.

7.4.3 Rúbrica de recuperación

A presente rúbrica utilizarase para valorar tanto a recuperación ordinaria como a proba extraordinaria de xuño. Os indicadores seleccionados corresponden aos criterios de avaliación establecidos para 4.º curso e aplicaranse segundo as características da actividade ou proba realizada.

A escala de valoración será a seguinte:

- **4 – Excelente:** acada o criterio con seguridade, autonomía, corrección e estabilidade.
- **3 – Adecuado:** acada o criterio de maneira suficiente, aínda que presenta pequenos erros puntuais.
- **2 – En proceso:** acada parcialmente o criterio e presenta dificultades frecuentes.
- **1 – Non acadado:** non acada o criterio ou as dificultades impiden unha execución adecuada ao nivel.

1. Estudo e dúo escollidos polo alumnado — 30 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Mantén unha posición corporal equilibrada e unha correcta colocación das mans e dos dedos.				
Técnica	Emprega unha embocadura estable e coordina dixitación, articulación e respiración.				
Técnica	Executa con precisión as articulacións e dixitacións traballadas.				
Son	Mantén un son estable e homoxéneo nos rexistros utilizados.				
Son	Controla a respiración e os cambios de dinámica mantendo a calidade sonora.				
Afinación	Detecta e corrixe pequenos problemas de afinación mediante a escoita.				
Ritmo	Mantén un pulso estable e executa correctamente os ritmos da obra.				
Interpretación	Respecta as indicacións de tempo, dinámica e articulación.				
Interpretación	Constrúe frases coherentes e mantén unha concepción musical global.				
Estilo e carácter	Aplica características básicas do estilo e comunica o carácter da obra.				
Repertorio	Interpreta o material completo cun nivel de dominio acorde con 4.º curso.				

Valoración do apartado: ____ / 4

2. Estudo e dúo escollidos polo profesor ou profesora — 30 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Resolve as dificultades técnicas básicas presentes no repertorio.				
Técnica	Mantén coordinación entre dixitación, articulación e respiración.				
Son	Mantén estabilidade e homoxeneidade do son nos rexistros utilizados.				
Son	Controla a dinámica sen deteriorar a calidade sonora nin a afinación.				
Ritmo	Mantén un pulso interno estable e executa con precisión os ritmos.				
Conxunto	Coordínase ritmicamente co piano ou co outro intérprete cando corresponda.				
Interpretación	Respecta tempo, dinámica, articulación e carácter.				
Interpretación	Constrúe frases coherentes e mantén continuidade ante pequenos erros.				
Estilo	Diferencia as características básicas do estilo mediante os recursos interpretativos.				
Repertorio	Executa o estudo e o dúo de acordo coas esixencias do nivel.				

Valoración do apartado: ____ / 4

3. Obras da programación ou de nivel similar — 30 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Emprega os recursos técnicos necesarios para resolver o repertorio.				
Son	Mantén unha sonoridade estable e homoxénea nos diferentes rexistros.				
Afinación	Mantén unha afinación adecuada e realiza correccións básicas cando é necesario.				
Ritmo	Mantén estabilidade rítmica durante toda a interpretación.				
Fraseo	Organiza as frases mediante respiración, dinámica e articulación.				
Interpretación	Mantén unha concepción musical coherente ao longo da obra.				
Estilo	Aplica criterios estilísticos básicos de acordo coa obra interpretada.				
Expresividade	Emprega recursos expresivos sen comprometer a estabilidade técnica.				
Memoria	Interpreta o fragmento ou movemento seleccionado de memoria con seguridade.				
Interpretación pública	Comunica o carácter e a intención da obra mantendo concentración e continuidade.				

Valoración do apartado: ____ / 4

4. Lectura a primeira vista — 10 %

Criterio	Indicador observable	4	3	2	1
Técnica	Aplica as dixitacións correspondentes ao nivel con coordinación.				
Ritmo	Mantén un pulso estable durante a lectura.				
Ritmo	Executa correctamente os principais elementos rítmicos presentes no exercicio.				
Interpretación	Respecta as indicacións básicas de tempo, dinámica e articulación.				
Continuidade	Mantén a continuidade ante pequenos erros sen interromper innecesariamente a interpretación.				

Valoración do apartado: ____ / 4

Cálculo da cualificación

Apartado	Peso	Cualificación
Estudo + dúo escollidos polo alumnado	30 %	____
Estudo + dúo escollidos polo profesor/a	30 %	____
Dúas obras da programación ou de nivel similar	30 %	____
Lectura a primeira vista	10 %	____
Cualificación final	**100 %**	**____**

A cualificación final obterase convertendo a valoración de cada apartado á escala de 0 a 10 e aplicando as porcentaxes correspondentes:

Cualificación final = (Apartado 1 × 0,30) + (Apartado 2 × 0,30) + (Apartado 3 × 0,30) + (Apartado 4 × 0,10).

A escala de valoración da rúbrica será:

Nivel	Descrición	Puntuación
4	Acadado de maneira excelente, con seguridade, autonomía e corrección	9–10
3	Acadado adecuadamente, con pequenos erros que non afectan de maneira significativa á execución	7–8
2	Acadado parcialmente, con dificultades frecuentes que afectan á execución	5–6
1	Non acadado ou con dificultades que impiden unha execución adecuada ao nivel	0–4

A cualificación final reflectirá o grao de adquisición dos criterios de avaliación establecidos para 4.º curso, valorando especialmente a capacidade do alumnado para integrar os aspectos técnicos, sonoros, rítmicos e interpretativos na execución do repertorio e para actuar con progresiva autonomía e seguridade.

7.5 Repertorio e bibliografía orientativa

Estudos:

- *33 Estudios Assez Faciles, vol. 1* — J. Lancelot — M. Trasatlantiques.
- *Método Completo para Clarinete (1.ª parte)* — Antonio Romero — Unión Musical Española.
- *Método Completo para Clarinete* — H. Klosé — Música Moderna.

Obras:

- *Sonatas* — Lefèvre — Schott.
- *Romanze para clarinete e piano* — M. Reger — Breitkopf.
- *Divertimento n.º 3 para clarinete e piano* — W. A. Mozart.
- *Bagatelles* — A. White — Roberton.
- *Adagio* — C. Baermann — Breitkopf und Härtel.
- *Fantasía* — C. Nielsen.
- *Peza en Sol menor* — G. Pierné.
- *La Clarinette Classique B* — J. Lancelot – H. Classens — M. Combre.
- *Dúo n.º 2 para clarinete e piano* — Carlos M. Cambeiro Alís (obra galega).
- *Summertime* — G. Gershwin.

O repertorio e a bibliografía indicados teñen carácter orientativo. O profesor ou profesora seleccionará os estudos, obras e materiais didácticos que considere máis axeitados para cada alumno ou alumna, tendo en conta as súas características individuais, o seu nivel técnico e musical, o seu ritmo de aprendizaxe e as necesidades que presente ao longo do curso. Esta selección deberá permitir, en

todo caso, o desenvolvemento dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos nesta programación.

8. 1.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

8.1 Obxectivos

- Consolidar a técnica básica do instrumento, desenvolvendo o control das escalas, arpexos, dixitacións e diferentes tipos de articulación.
- Dominar progresivamente as escalas maiores e menores ata cinco alteracións, aplicándoas con seguridade e fluidez.
- Mellorar a calidade da emisión e conseguir unha sonoridade cada vez máis estable e homoxénea nos diferentes rexistros.
- Desenvolver o control da respiración, da embocadura e da posición corporal como elementos fundamentais para unha correcta produción sonora.
- Coñecer e aplicar procedementos sinxelos para detectar e corrixir problemas de afinación.
- Desenvolver a coordinación entre dixitación, articulación, respiración e ritmo.
- Interpretar obras representativas do repertorio para clarinete dos períodos Clásico, Romántico e do século XX, coñecendo as súas características básicas.
- Desenvolver progresivamente a capacidade de construír frases musicais mediante o emprego consciente da respiración, dinámica, articulación e carácter.
- Iniciarse na interpretación de memoria de fragmentos ou partes breves de obras.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista de textos musicais sinxelos adecuados ao nivel.
- Iniciarse na práctica dos instrumentos da familia do clarinete, especialmente o clarinete baixo e o requinto.
- Traballar o repertorio correspondente ás agrupacións de orquestra e/ou banda.
- Desenvolver hábitos de estudo autónomo que permitan identificar e resolver as dificultades técnicas e musicais máis evidentes.
- Adquirir progresivamente seguridade e capacidade comunicativa nas interpretacións públicas.

8.2 Contidos

- Escalas maiores e menores ata cinco alteracións, así como os arpexos e exercicios técnicos asociados.
- Exercicios de mecanismo, coordinación e articulación adecuados ao nivel.
- Traballo de dixitacións e resolución das dificultades técnicas propias do repertorio.
- Respiración, posición corporal, embocadura e emisión.
- Desenvolvemento da estabilidade e homoxeneidade do son nos diferentes rexistros.
- Procedementos básicos para o control e corrección da afinación.

- Traballo de diferentes articulacións, dinámicas e combinacións rítmicas.
- Desenvolvemento do fraseo mediante a utilización consciente da respiración e dos recursos expresivos básicos.
- Repertorio para clarinete dos períodos Clásico, Romántico e do século XX.
- Características básicas dos estilos presentes no repertorio traballado.
- Traballo de memoria de fragmentos ou partes breves das obras.
- Lectura a primeira vista de estudos e pequenos fragmentos adecuados ao nivel.
- Repertorio de orquestra e/ou banda.
- Introdución ao clarinete baixo e ao requinto.
- Preparación e interpretación de obras con piano e outras agrupacións.
- Hábitos de estudo, organización do traballo e identificación das dificultades.
- Audición e análise básica de diferentes interpretacións como referencia para o propio traballo.
- Participación en audicións e actividades musicais públicas.

8.3 Avaliación

8.3.1 Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación será continua e terá en conta tanto o traballo desenvolvido ao longo do curso como a evolución do alumnado.

Empregaranse os seguintes procedementos e ferramentas:

- Observación sistemática do traballo realizado durante as clases.
- Seguimento da evolución técnica e musical do alumnado.
- Revisión periódica dos estudos, exercicios e obras programadas.
- Probas prácticas para comprobar o grao de adquisición dos contidos técnicos e interpretativos.
- Audicións públicas individuais e/ou colectivas.
- Interpretación de fragmentos ou partes de memoria.
- Exercicios de lectura a primeira vista.
- Traballo do repertorio de orquestra e/ou banda.
- Actividades de aproximación ao clarinete baixo e ao requinto.
- Rexistro das dificultades detectadas e das estratexias empregadas para a súa resolución.
- Cando proceda, pequenos traballos ou actividades relacionadas coa análise e comprensión do repertorio.

8.3.2 Criterios de avaliación

- **Técnica:** Consolidar o dominio das escalas, arpexos, dixitacións e articulacións propias do nivel, mantendo coordinación, precisión e progresiva fluidez.
- **Son / produción:** Controlar a emisión, respiración, afinación e homoxeneidade do son nos diferentes rexistros traballados.
- **Ritmo:** Executar con precisión as dificultades rítmicas do repertorio e manter un pulso estable tanto individualmente como en conxunto.
- **Interpretación:** Construír frases coherentes mediante o control consciente da respiración, dinámica, articulación e carácter, aplicando os recursos interpretativos básicos propios das obras traballadas.
- **Repertorio:** Interpretar as obras programadas completas demostrando dominio técnico, rítmico, expresivo e unha comprensión básica da estrutura musical.
- **Autonomía:** Identificar dificultades de dixitación, articulación, ritmo e fraseo e aplicar procedementos adecuados para resolvelas.
- **Interpretación pública:** Realizar interpretacións públicas mantendo concentración, continuidade, seguridade e capacidade comunicativa.

8.3.3 Mínimos esixibles

- Interpretar os exercicios de **Stiévenard ata tres alteracións** traballados durante o curso.
- Interpretar un mínimo de **3 dos 14 primeiros *21 Caprichos*, de Gambaro**, seleccionados entre os traballados durante o curso.
- Interpretar un mínimo de **dúas obras** da programación ou de nivel similar.
- Executar as escalas e exercicios técnicos traballados durante o curso.
- Estar en proceso de conseguir unha emisión máis estable e un son máis homoxéneo nos diferentes rexistros.
- Manter unha posición corporal, embocadura e respiración basicamente correctas durante a interpretación.
- Aplicar as indicacións básicas de articulación, dinámica, fraseo e carácter.
- Comezar a desenvolver unha maior autonomía na resolución das dificultades máis sinxelas.
- Interpretar unha parte dunha obra ou movemento de memoria.
- Realizar lecturas a primeira vista sinxelas, mantendo o pulso de maneira básica.
- Participar en polo menos **dúas audicións públicas**.

8.3.4 Criterios de cualificación

A cualificación final obterase a partir da valoración conxunta do traballo realizado durante o curso, das probas prácticas, das audicións e doutros aspectos relacionados co proceso de aprendizaxe.

Apartado	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	**40 %**
Probas prácticas	**20 %**
Audicións	**20 %**
Outros	**20 %**
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula (40 %): valorarase a evolución técnica e musical, a preparación do repertorio, a regularidade no estudo, a aplicación das indicacións do profesor/a e a progresiva capacidade de traballo autónomo.

Probas prácticas (20 %): valorarase a execución de escalas, exercicios técnicos, estudos, fragmentos e obras, así como a capacidade para resolver as dificultades propias do nivel.

Audicións (20 %): valorarase a preparación e interpretación do repertorio en público, atendendo especialmente á continuidade, concentración, seguridade, calidade sonora e capacidade comunicativa.

Outros (20 %): valoraranse aspectos como a lectura a primeira vista, o traballo de memoria, a participación no repertorio de conxunto, o traballo con instrumentos da familia do clarinete e a aplicación das actividades complementarias propostas.

8.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula poderá ser proposta cando o alumnado demostre unha evolución claramente superior á prevista para o curso, mantendo un dominio suficiente dos contidos e mínimos establecidos e mostrando capacidade para asumir os contidos correspondentes ao curso seguinte.

A decisión deberá estar baseada no seguimento realizado durante o curso e nas evidencias obtidas mediante as diferentes ferramentas de avaliación.

8.4 Medidas de recuperación

8.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Cando o alumnado non acade os mínimos establecidos, realizarase un plan de recuperación adaptado ás dificultades detectadas. Este plan poderá incluír:

- Revisión das escalas e exercicios técnicos non superados.
- Reforzo dos estudos establecidos nos mínimos.
- Traballo específico de emisión, afinación, articulación, ritmo e fraseo.
- Recuperación das obras non suficientemente preparadas.
- Exercicios de lectura a primeira vista.

- Traballo específico de memoria cando sexa necesario.
- Seguimento individualizado da evolución durante as clases posteriores.

A recuperación realizarase de maneira progresiva durante o curso sempre que sexa posible.

8.4.2 Convocatoria extraordinaria de xuño

Na convocatoria extraordinaria realizarase unha proba práctica baseada nos mínimos esixibles do curso:

1. **Estudo e/ou exercicio técnico seleccionado polo alumnado:** exercicio de Stiévenard ou estudo de Gambaro traballado durante o curso. **30 %.**
2. **Estudo e/ou exercicio técnico seleccionado polo profesor/a:** exercicio ou estudo correspondente ao nivel do curso. **30 %.**
3. **Repertorio:** dúas obras da programación ou de nivel similar. **30 %.**
4. **Lectura a primeira vista:** estudo ou fragmento adecuado ao nivel. **10 %.**

A cualificación obterase mediante a fórmula:

(Apartado 1 × 0,30) + (Apartado 2 × 0,30) + (Apartado 3 × 0,30) + (Apartado 4 × 0,10)

8.5 Repertorio e bibliografía orientativa

Estudos e técnica

- *Escalas* — Stiévenard — Schirmer.
- *21 Caprichos* — E. Cavallini / Gambaro — Ricordi.
- *26 Estudios* — C. Rose — M. R. Braun.
- *33 Estudios Assez Faciles*, vol. 2 — J. Lancelot — M. Trasatlantiques.

Obras

- *Selected Duets*, vol. 2 — Voxman — Rubank Educational.
- *Sonata en Sol menor* — F. Haendel — Billaudot.
- *Catro Sonatas de Igrexa* — W. A. Mozart — Boosey and Hawkes.
- *Concerto* — R. Korsakoff — Boosey and Hawkes.
- *Idille* — E. Bozza.
- *Catro Pezas Curtas* — H. Ferguson — Boosey and Hawkes.
- *La Clarinette Classique C* — J. Lancelot / H. Classens — M. Combre.
- *Alentía* — Miguel Brotóns — obra galega.

O repertorio terá carácter orientativo. O profesor/a poderá substituír ou complementar estas obras por outras de nivel técnico e musical similar, atendendo ás características e necesidades do alumnado.

9. 2.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

9.1 Obxectivos

- Consolidar e ampliar o dominio técnico adquirido no curso anterior.
- Dominar progresivamente as escalas maiores e menores ata seis alteracións.
- Ampliar o control do rexistro do clarinete ata o Sol5.
- Desenvolver unha maior precisión nas dixitacións, articulacións e coordinacións técnicas.
- Mellorar a estabilidade da emisión e a homoxeneidade do son nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Desenvolver a capacidade para detectar problemas de afinación e aplicar os procedementos necesarios para corrixilos.
- Traballar a escala cromática entre Mi2 e Sol5.
- Desenvolver progresivamente a capacidade de controlar diferentes dinámicas e articulacións mantendo a calidade sonora.
- Coñecer e aplicar a nomenclatura das tonalidades e a súa relación co repertorio estudado.
- Interpretar obras do repertorio Clásico, Romántico e do século XX, recoñecendo as súas principais características.
- Desenvolver un fraseo máis amplo e coherente mediante o emprego coordinado da respiración, dinámica, articulación e agóxica.
- Adquirir maior autonomía no estudo e na resolución das dificultades técnicas e musicais.
- Iniciarse no axuste e adecuación das canas ás necesidades técnicas e interpretativas.
- Continuar a práctica do clarinete baixo e do requinto.
- Traballar o repertorio correspondente ás agrupacións de orquestra e/ou banda.
- Desenvolver a capacidade de manter a continuidade e seguridade nas interpretacións públicas.
- Mellorar a lectura a primeira vista e a capacidade para recuperar a continuidade ante erros puntuais.

9.2 Contidos

- Escalas maiores e menores ata seis alteracións.
- Arpexos e exercicios de mecanismo relacionados coas tonalidades traballadas.
- Escala cromática entre Mi2 e Sol5.
- Exercicios de coordinación, velocidade e precisión dixital.
- Diferentes combinacións de articulación e acentuación.

- Ampliación do rexistro do instrumento ata o Sol5.
- Respiración, emisión e control da columna de aire.
- Homoxeneidade sonora nos diferentes rexistros e dinámicas.
- Afinación: detección de desviacións e aplicación de procedementos básicos de corrección.
- Nomenclatura das tonalidades e relación entre tonalidade, escalas e repertorio.
- Fraseo, dinámica, articulación, agóxica e carácter.
- Características interpretativas básicas do repertorio Clásico, Romántico e do século XX.
- Desenvolvemento da memoria mediante o traballo de fragmentos ou partes de obras.
- Lectura a primeira vista.
- Adecuación e selección de canas segundo as necesidades do instrumento e do repertorio.
- Introdución e práctica do clarinete baixo e do requinto.
- Repertorio de orquestra e/ou banda.
- Interpretación con piano e outras agrupacións.
- Desenvolvemento de hábitos de estudo autónomo e planificación do traballo.
- Audición de diferentes interpretacións e análise das súas características máis evidentes.
- Participación en audicións públicas.

9.3 Avaliación

9.3.1 Procedementos e ferramentas de avaliación

Empregaranse os seguintes procedementos:

- Observación sistemática do traballo na aula.
- Seguimento da evolución técnica, sonora e musical.
- Revisión dos estudos, exercicios e obras programadas.
- Probas prácticas periódicas.
- Audicións públicas.
- Exercicios de escalas e técnica.
- Exercicios de lectura a primeira vista.
- Interpretación de memoria de fragmentos ou partes de obras.
- Traballo de repertorio de orquestra e/ou banda.
- Actividades de iniciación e práctica do clarinete baixo e requinto.

- Traballo de adecuación das canas.
- Actividades de análise e escoita relacionadas co repertorio.
- Rexistro das dificultades e das estratexias empregadas para resolvelas.

9.3.2 Criterios de avaliación

- **Técnica:** Executar con maior fluidez as escalas, arpexos, articulacións e exercicios técnicos correspondentes ao curso, mantendo precisión a diferentes velocidades.
- **Son / produción:** Controlar a calidade, homoxeneidade e afinación do son en diferentes rexistros e dinámicas.
- **Ritmo:** Manter estabilidade rítmica en pasaxes de dificultade crecente e adaptar o pulso ás necesidades do conxunto.
- **Interpretación:** Desenvolver frases de maior extensión utilizando de maneira coordinada respiración, dinámica, articulación e agóxica, aplicando progresivamente os recursos interpretativos propios dos estilos estudados.
- **Repertorio:** Interpretar o repertorio programado mantendo dominio técnico e unha visión global das obras.
- **Autonomía:** Planificar o estudo identificando previamente as principais dificultades e establecendo estratexias para resolvelas.
- **Interpretación pública:** Manter seguridade e capacidade comunicativa en audicións, recuperando a continuidade ante erros puntuais.

9.3.3 Mínimos esixibles

- Interpretar os exercicios de **Stiévenard desde catro alteracións ata o final** que sexan traballados durante o curso.
- Interpretar un mínimo de **3 dos 10 primeiros estudos dos *26 Estudios*, de C. Rose**.
- Interpretar un mínimo de **1 dos 5 primeiros *Passage Studies*, de F. Thurston**.
- Interpretar un mínimo de **dúas obras** da programación ou de nivel similar.
- Executar as escalas e exercicios técnicos traballados durante o curso.
- Estar en proceso de conseguir unha maior estabilidade da emisión, afinación e sonoridade.
- Aplicar de maneira básica as indicacións de respiración, articulación, dinámica e fraseo.
- Comezar a identificar as características interpretativas máis evidentes das obras estudadas.
- Interpretar unha parte dunha obra ou movemento de memoria.
- Realizar lecturas a primeira vista sinxelas mantendo unha continuidade básica.

- Participar en polo menos **dúas audicións públicas**.

9.3.4 Criterios de cualificación

Apartado	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	**40 %**
Probas prácticas	**20 %**
Audicións	**20 %**
Outros	**20 %**
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula (40 %): valorarase a evolución técnica e musical, a regularidade e calidade do estudo, a preparación do repertorio e a capacidade progresiva para traballar de maneira autónoma.

Probas prácticas (20 %): valorarase a execución das escalas, exercicios técnicos, estudos e obras, así como o control do son, afinación, ritmo e articulación.

Audicións (20 %): valorarase a interpretación pública do repertorio, a concentración, continuidade, seguridade, comunicación e capacidade de recuperación ante erros.

Outros (20 %): valoraranse a lectura a primeira vista, memoria, traballo de orquestra/banda, práctica dos instrumentos da familia, adecuación das canas e demais actividades propostas.

9.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Poderá propoñerse a ampliación cando o alumnado mostre unha evolución claramente superior á prevista, domine os contidos fundamentais do curso e presente capacidade para asumir os correspondentes ao curso seguinte.

A decisión basearase no seguimento continuo, nos resultados das probas prácticas e no nivel demostrado no repertorio.

9.4 Medidas de recuperación

9.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación adaptarase ás dificultades concretas de cada alumno/a e poderá incluír:

- Reforzo das escalas e exercicios técnicos.
- Recuperación dos estudos non superados.
- Traballo específico de afinación, emisión, sonoridade e articulación.
- Revisión das obras programadas.
- Exercicios de lectura a primeira vista.
- Traballo de memoria.

- Actividades específicas de autonomía e planificación do estudo.
- Seguimento da evolución nas clases posteriores.

9.4.2 Convocatoria extraordinaria de xuño

A proba práctica estará composta por:

1. **Estudo ou exercicio técnico seleccionado polo alumnado:** exercicio de Stiévenard ou estudo correspondente aos traballados durante o curso. **30 %.**
2. **Estudo ou exercicio seleccionado polo profesor/a:** un estudo de C. Rose ou Thurston acorde cos mínimos do curso. **30 %.**
3. **Repertorio:** dúas obras da programación ou de nivel similar. **30 %.**
4. **Lectura a primeira vista:** estudo ou fragmento adecuado ao nivel. **10 %.**

Fórmula:
(Apartado 1 × 0,30) + (Apartado 2 × 0,30) + (Apartado 3 × 0,30) + (Apartado 4 × 0,10)

9.5 Repertorio e bibliografía orientativa

Estudos e técnica

- *Escalas* — Stiévenard — Schirmer.
- *21 Caprichos* — Gambaro — Ricordi.
- *26 Estudios* — C. Rose — M. R. Braun.
- *32 Estudios para Clarinete* — C. Rose.
- *Passage Studies*, vol. 1 — F. Thurston — Boosey and Hawkes.

Obras

- *Selected Duets*, vol. 2 — Voxman — Rubank Educational.
- *Concerto n.º 3 en Sib maior* — C. Stamitz — IMC.
- *Sonata para clarinete e piano* — Hoffmeister.
- *Concerto en Mib maior* — Kozeluch.
- *7 Variacións sobre Silvana, op. 33* — C. M. Weber.
- *Concerto* — K. Kurpinski.
- *Canzonetta* — G. Pierné.
- *Sonatina* — Paul Harris — Fentone.
- *Five Bagatelles* — G. Finzi — Boosey and Hawkes.
- *Aria* — E. Bozza — Leduc.
- *Brétemas* — Miguel Brotóns — obra galega.

O repertorio terá carácter orientativo e poderá ser substituído ou complementado por obras de dificultade técnica e musical similar.

10. 3.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

10.1 Obxectivos

- Consolidar a técnica desenvolvida nos cursos anteriores e aplicala a un repertorio de maior dificultade.
- Desenvolver o dominio das escalas maiores e menores, así como dos seus arpexos e diferentes combinacións de articulación.
- Traballar escalas naturais, harmónicas e melódicas e desenvolver a coordinación necesaria para a súa execución.
- Ampliar e consolidar o rexistro do clarinete ata o Do sobreagudo.
- Desenvolver o control do rexistro sobreagudo e coñecer as dixitacións necesarias para o seu emprego progresivo.
- Traballar exercicios de intervalos de terceira, cuarta e quinta.
- Desenvolver a flexibilidade e a coordinación entre rexistros.
- Mellorar a calidade sonora mediante o control consciente da respiración, emisión, afinación, timbre e dinámica.
- Desenvolver a sensibilidade auditiva necesaria para detectar e corrixir problemas de afinación e sonoridade.
- Coñecer e empregar progresivamente o vibrato, a variación de cor, a flexibilidade e outros recursos expresivos.
- Desenvolver a capacidade de adaptar articulación, dinámica, fraseo e carácter ás características do repertorio.
- Coñecer os principais trazos melódicos e harmónicos das obras estudadas e relacionalos co período e estilo correspondente.
- Interpretar repertorio de diferentes épocas, aumentando progresivamente a autonomía na preparación das obras.
- Desenvolver a capacidade de memorizar fragmentos musicais e partes breves do repertorio.
- Mellorar a lectura a primeira vista de textos musicais de dificultade acorde co nivel.
- Continuar a práctica do clarinete baixo e do requinto.
- Desenvolver a capacidade de integración musical no traballo en grupo.
- Traballar o repertorio correspondente ás agrupacións de orquestra e/ou banda.
- Desenvolver unha maior autonomía na planificación do estudo e na resolución das dificultades.
- Adquirir maior seguridade e capacidade comunicativa nas interpretacións públicas.

10.2 Contidos

- Escalas maiores e menores, incluíndo as formas natural, harmónica e melódica.
- Escalas e exercicios técnicos en diferentes tonalidades.
- Arpexos e exercicios de mecanismo.
- Intervalos de terceira, cuarta e quinta.
- Traballo específico do rexistro sobreagudo ata o Do.
- Dixitacións e coordinación necesarias para o emprego do rexistro sobreagudo.
- Flexibilidade entre rexistros e homoxeneidade da sonoridade.
- Respiración, emisión e control da columna de aire.
- Afinación e sensibilidade auditiva.
- Control do timbre, dinámica, proxección e cor sonora.
- Vibrato como recurso expresivo.
- Articulacións e combinacións de articulación de maior dificultade.
- Fraseo, dinámica, agóxica e carácter.
- Ornamentación e recursos interpretativos propios do repertorio.
- Características melódicas e harmónicas das obras estudadas.
- Repertorio de diferentes épocas e estilos.
- Memorización de fragmentos e partes breves.
- Lectura a primeira vista.
- Traballo do repertorio de orquestra e/ou banda.
- Práctica do clarinete baixo e do requinto.
- Integración e adaptación ao traballo en grupo.
- Análise e escoita como ferramentas para a comprensión do repertorio.
- Planificación do estudo e resolución autónoma de dificultades.
- Preparación e interpretación pública do repertorio.

10.3 Avaliación

10.3.1 Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación será continua e realizarase a partir de diferentes situacións de aprendizaxe e interpretación:

- Observación sistemática na aula.
- Seguimento da evolución técnica e musical.
- Revisión dos estudos e exercicios técnicos.
- Probas prácticas periódicas.

- Audicións públicas.
- Interpretación de fragmentos ou partes de memoria.
- Exercicios de lectura a primeira vista.
- Traballo específico do rexistro sobreagudo.
- Exercicios de intervalos, flexibilidade e articulación.
- Traballo do repertorio de orquestra e/ou banda.
- Práctica do clarinete baixo e do requinto.
- Actividades de escoita e análise do repertorio.
- Rexistro das dificultades e das estratexias utilizadas para resolvelas.
- Valoración da capacidade de traballo autónomo e de planificación do estudo.

10.3.2 Criterios de avaliación

- **Técnica:** Aplicar con fluidez os recursos técnicos do nivel, adaptando dixitación e articulación ás necesidades específicas do repertorio.
- **Son / produción:** Controlar timbre, afinación, dinámica e homoxeneidade sonora nos diferentes rexistros, incluído o traballo progresivo do rexistro sobreagudo.
- **Ritmo:** Resolver con precisión combinacións rítmicas complexas, cambios de tempo e dificultades de coordinación.
- **Interpretación:** Desenvolver un fraseo coherente e expresivo, diferenciando planos sonoros e puntos estruturais e empregando de maneira consciente respiración, dinámica, articulación, agóxica, carácter e recursos expresivos propios do repertorio.
- **Repertorio:** Interpretar obras de maior extensión demostrando dominio técnico, estrutural e expresivo, así como comprensión das súas principais características estilísticas.
- **Autonomía:** Resolver progresivamente de maneira autónoma problemas detectados mediante a análise, práctica e escoita, seleccionando procedementos adecuados para cada dificultade.
- **Interpretación pública:** Manter o control técnico e musical durante interpretacións públicas completas, demostrando concentración, continuidade e capacidade comunicativa.

10.3.3 Mínimos esixibles

- Interpretar un mínimo de **3 dos 14 primeiros estudos dos *40 Estudios*, vol. I, de C. Rose**, seleccionados entre os traballados durante o curso.
- Interpretar un mínimo de **dúas obras** da programación ou de nivel similar.
- Executar as escalas e exercicios técnicos traballados durante o curso.

- Estar en proceso de consolidar unha sonoridade estable e suficientemente homoxénea nos rexistros traballados.
- Aplicar as principais indicacións de articulación, dinámica, respiración e fraseo.
- Comezar a empregar estes elementos como recursos básicos para dar forma ás frases musicais.
- Recoñecer algúns dos principais trazos estilísticos das obras traballadas.
- Interpretar unha parte dunha obra ou movemento de memoria.
- Realizar lecturas a primeira vista de dificultade básica para o nivel, mantendo o pulso de maneira suficiente.
- Participar en polo menos **dúas audicións públicas**.

10.3.4 Criterios de cualificación

Apartado	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	**40 %**
Probas prácticas	**20 %**
Audicións	**20 %**
Outros	**20 %**
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula (40 %): valorarase a evolución técnica e musical, a capacidade para asimilar e aplicar as indicacións, a regularidade do estudo e a progresiva autonomía na preparación do repertorio.

Probas prácticas (20 %): valorarase a execución das escalas, exercicios de intervalos e flexibilidade, estudos e obras, así como o dominio do rexistro e dos recursos técnicos traballados.

Audicións (20 %): valorarase a interpretación pública completa do repertorio, atendendo ao control técnico, sonoro, rítmico e expresivo, así como á capacidade comunicativa.

Outros (20 %): valoraranse a lectura a primeira vista, memoria, traballo de orquestra/banda, práctica do clarinete baixo e requinto, actividades de análise e escoita e outras tarefas relacionadas co proceso de aprendizaxe.

10.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Poderá concederse ampliación de matrícula cando o alumnado demostre un dominio suficiente dos contidos e mínimos do curso, unha evolución claramente favorable e capacidade para afrontar os contidos do curso seguinte.

Valoraranse especialmente a autonomía, a estabilidade técnica e sonora, a capacidade para preparar repertorio de maior dificultade e a resposta ante novas situacións de aprendizaxe.

10.4 Medidas de recuperación

10.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación realizarase mediante un plan específico baseado nas dificultades detectadas, que poderá incluír:

- Reforzo das escalas, arpexos e exercicios técnicos.
- Traballo específico de intervalos e flexibilidade.
- Recuperación dos estudos non superados.
- Traballo do rexistro sobreagudo.
- Exercicios de afinación, sonoridade e articulación.
- Revisión das obras programadas.
- Exercicios de lectura a primeira vista.
- Traballo de memoria.
- Actividades específicas de análise, escoita e comprensión do repertorio.
- Seguimento da autonomía e da planificación do estudo.

10.4.2 Convocatoria extraordinaria de xuño

A proba práctica estará composta polos seguintes apartados:

1. **Estudo seleccionado polo alumnado:** un estudo dos *40 Estudios*, vol. I, de C. Rose, entre os traballados durante o curso. **30 %.**
2. **Estudos seleccionados polo profesor/a:** dous estudos do repertorio técnico traballado durante o curso. **30 %.**
3. **Repertorio:** unha obra seleccionada polo profesor/a da programación ou de nivel similar. **30 %.**
4. **Lectura a primeira vista:** estudo ou fragmento adecuado ao nivel. **10 %.**

Fórmula:
(Apartado 1 × 0,30) + (Apartado 2 × 0,30) + (Apartado 3 × 0,30) + (Apartado 4 × 0,10)

10.5 Repertorio e bibliografía orientativa

Estudos e técnica

- *22 Estudios Progresivos* — Gambaro — Ricordi.
- *40 Estudios*, vol. 1 — C. Rose — IMC.

Obras

- *Sonata* — F. Danzi — Schott.
- *Sonata en Sib maior* — J. Wanhall.
- *Concertino* — C. M. Weber — Breitkopf.

- *Sonata en Mib maior* — F. Mendelssohn.
- *Romanza* — R. Strauss.
- *Introdución e Allegro* — C. Reinecke — Boosey & Hawkes.
- *Sonatina para clarinete e piano* — B. Bartók.
- *Self-Parafrasis* — X. Montsalvatge.
- *Diferencias en modo eolio* — Juan Pérez Berná — obra galega.

O repertorio indicado é orientativo e poderá ser substituído ou complementado por obras de dificultade técnica e musical similar, segundo as necesidades e características do alumnado.

11. 4.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

11.1 Obxectivos

- Consolidar os recursos técnicos adquiridos nos cursos anteriores e aplicalos a repertorio de maior dificultade.
- Desenvolver o dominio das escalas, arpexos e exercicios técnicos traballados no curso, mantendo precisión, coordinación e fluidez.
- Traballar exercicios de intervalos de terceira, cuarta e quinta, mellorando a flexibilidade e a coordinación entre rexistros.
- Dominar progresivamente o rexistro sobreagudo do clarinete, empregando as dixitacións adecuadas e mantendo a calidade sonora.
- Desenvolver o control da emisión, respiración, afinación, timbre, dinámica e proxección sonora.
- Coñecer e empregar o vibrato, a variación de cor, a flexibilidade e a ornamentación como recursos expresivos.
- Desenvolver a capacidade de adaptar articulación, dinámica, fraseo, agóxica e carácter ás características do repertorio.
- Coñecer os principais trazos melódicos e harmónicos da música para clarinete desde o Barroco tardío ata o século XX.
- Relacionar a interpretación coa análise histórica das obras, tendo en conta o autor, a época, o contexto e as características estilísticas.
- Desenvolver unha maior autonomía na preparación e estudo do repertorio.
- Mellorar a capacidade de análise previa da partitura como ferramenta para tomar decisións interpretativas.
- Desenvolver a capacidade de memorizar fragmentos ou partes breves do repertorio.
- Mellorar a lectura a primeira vista.
- Continuar a práctica do clarinete baixo e do requinto.
- Desenvolver a capacidade de integración no traballo de orquestra, banda e outras agrupacións.
- Adquirir maior seguridade e capacidade comunicativa nas interpretacións públicas.

11.2 Contidos

- Escalas, arpexos e exercicios técnicos correspondentes ao nivel.
- Intervalos de terceira, cuarta e quinta.
- Exercicios de flexibilidade e coordinación entre rexistros.
- Rexistro sobreagudo do clarinete e dixitacións correspondentes.
- Respiración, emisión e control da columna de aire.

- Afinación e control auditivo.
- Timbre, dinámica, homoxeneidade e proxección sonora.
- Vibrato, cor sonora e flexibilidade como recursos expresivos.
- Articulación, ornamentación, fraseo e agóxica.
- Características melódicas e harmónicas da música para clarinete desde o Barroco tardío ata o século XX.
- Relación entre período histórico, xénero, autor, obra e criterios interpretativos.
- Análise histórica previa das partituras traballadas.
- Traballo de memoria.
- Lectura a primeira vista.
- Repertorio para clarinete baixo e requinto.
- Repertorio de orquestra e/ou banda.
- Análise e escoita de diferentes interpretacións.
- Preparación autónoma do repertorio.
- Interpretación pública.

11.3 Avaliación

11.3.1 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Observación sistemática do traballo realizado na aula.
- Seguimento da evolución técnica, sonora e interpretativa.
- Revisión dos estudos, exercicios e obras programadas.
- Probas prácticas periódicas.
- Audicións públicas.
- Exercicios de intervalos, flexibilidade e rexistro sobreagudo.
- Interpretación de fragmentos ou partes de memoria.
- Lectura a primeira vista.
- Actividades de análise histórica das obras.
- Traballo de repertorio de orquestra e/ou banda.
- Práctica do clarinete baixo e do requinto.
- Actividades de escoita e comparación de interpretacións.
- Rexistro das dificultades detectadas e das estratexias empregadas para resolvelas.

11.3.2 Criterios de avaliación

- **Técnica:** Dominar os recursos técnicos necesarios para abordar repertorio de dificultade media-alta con seguridade e fluidez.
- **Son / produción:** Controlar homoxeneidade, afinación, dinámica, timbre e proxección sonora en todo o rexistro utilizado.
- **Ritmo:** Resolver con precisión dificultades rítmicas, cambios de compás e articulacións complexas.
- **Interpretación:** Integrar respiración, fraseo, dinámica, articulación, agóxica e carácter nunha interpretación musicalmente coherente, empregando de maneira adecuada os recursos expresivos e os criterios propios do período e estilo da obra.
- **Repertorio:** Interpretar un repertorio variado demostrando capacidade para abordar as obras de maneira autónoma e comprendendo a súa estrutura e características principais.
- **Autonomía:** Empregar diferentes estratexias de estudo e seleccionar as máis adecuadas segundo a natureza de cada dificultade.
- **Interpretación pública:** Comunicar o carácter e a estrutura da obra mantendo concentración, seguridade e capacidade de reacción ante imprevistos.

11.3.3 Mínimos esixibles

- Interpretar un mínimo de **3 dos 14 primeiros estudos dos *40 Estudios*, vol. II, de C. Rose**, seleccionados entre os traballados durante o curso.
- Interpretar un mínimo de **dúas obras** da programación ou de nivel similar.
- Executar as escalas e exercicios técnicos traballados durante o curso.
- Conseguir unha maior estabilidade na emisión e estar en proceso de consolidar a homoxeneidade do son nos rexistros utilizados.
- Aplicar respiración, articulación, dinámica e fraseo de maneira suficientemente coherente.
- Comezar a diferenciar os principais trazos estilísticos das obras traballadas.
- Mostrar unha autonomía básica na preparación do repertorio.
- Interpretar unha parte dunha obra ou movemento de memoria.
- Realizar lecturas a primeira vista sinxelas adecuadas ao nivel.
- Participar en polo menos **dúas audicións públicas**.

11.3.4 Criterios de cualificación

Apartado	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	**40 %**
Probas prácticas	**20 %**
Audicións	**20 %**
Outros	**20 %**
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula (40 %): valorarase a evolución técnica e musical, a regularidade do estudo, a preparación do repertorio, a aplicación das indicacións e a progresiva autonomía.

Probas prácticas (20 %): valorarase a execución dos estudos, escalas, exercicios técnicos e obras, así como o dominio do rexistro sobreagudo e dos recursos expresivos traballados.

Audicións (20 %): valorarase a interpretación pública atendendo ao control técnico, sonoro, rítmico e expresivo, á concentración e á capacidade comunicativa.

Outros (20 %): valoraranse a lectura a primeira vista, memoria, análise histórica, traballo de orquestra/banda, práctica do clarinete baixo e requinto e outras actividades propostas.

11.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Poderá propoñerse a ampliación de matrícula cando o alumnado demostre un dominio suficiente dos contidos e mínimos do curso, unha evolución claramente superior á prevista e capacidade para afrontar os contidos correspondentes ao curso seguinte.

11.4 Medidas de recuperación

11.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación adaptarase ás dificultades detectadas e poderá incluír:

- Reforzo dos exercicios técnicos, escalas e intervalos.
- Traballo específico do rexistro sobreagudo.
- Recuperación dos estudos non superados.
- Revisión das obras programadas.
- Traballo de afinación, sonoridade, articulación e fraseo.
- Actividades de análise histórica e comprensión do repertorio.
- Exercicios de lectura a primeira vista.

- Traballo de memoria.
- Seguimento individualizado da evolución.

11.4.2 Convocatoria extraordinaria de xuño

1. **Estudo seleccionado polo alumnado:** un estudo dos *40 Estudios*, vol. II, de C. Rose, entre os traballados durante o curso. **30 %.**
2. **Estudos seleccionados polo profesor/a:** dous estudos do repertorio técnico traballado. **30 %.**
3. **Repertorio:** dúas obras da programación ou de nivel similar. **30 %.**
4. **Lectura a primeira vista:** estudo ou fragmento adecuado ao nivel. **10 %.**

Fórmula:
(Apartado 1 × 0,30) + (Apartado 2 × 0,30) + (Apartado 3 × 0,30) + (Apartado 4 × 0,10)

11.5 Repertorio e bibliografía orientativa

Estudos e técnica

- *40 Estudios*, vol. 2 — C. Rose — IMC.
- *20 Estudios de Media Dificultade* — Gabucci — Ricordi.

Obras

- *Concerto en Sib maior* — J. Pleyel.
- *Variacións en Do* — G. Rossini — Zarembski.
- *Introdución, tema e variacións* — C. M. Weber — Breitkopf.
- *Tres Pezas de Fantasía* — R. Schumann — Peters.
- *Sonata, op. 167* — C. Saint-Saëns — Durand.
- *Solo de Concurso* — A. Rabaud — Alphonse Leduc.
- *Estudo Melódico* — M. Yuste — Grafispania.
- *Monolog 3* — Erland von Koch — Carl Gehrmans.
- *Concerto* — P. Harvey.
- *Homenaxes* — Béla Kovács — Edition Darok.
- *Lied* — L. Berio.
- *Estudo Primo* — G. Donizetti — Ricordi.
- *Gregorianus 1* — Jesús González — obra galega.

O repertorio será orientativo e poderá ser substituído ou complementado por obras de dificultade técnica e musical similar.

12. 5.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

12.1 Obxectivos

- Consolidar os recursos técnicos adquiridos nos cursos anteriores e aplicalos a repertorio de maior dificultade.
- Desenvolver o dominio das escalas, arpexos e exercicios técnicos traballados no curso, mantendo precisión, coordinación e fluidez.
- Traballar exercicios de intervalos de terceira, cuarta e quinta, mellorando a flexibilidade e a coordinación entre rexistros.
- Dominar progresivamente o rexistro sobreagudo do clarinete, empregando as dixitacións adecuadas e mantendo a calidade sonora.
- Desenvolver o control da emisión, respiración, afinación, timbre, dinámica e proxección sonora.
- Coñecer e empregar o vibrato, a variación de cor, a flexibilidade e a ornamentación como recursos expresivos.
- Desenvolver a capacidade de adaptar articulación, dinámica, fraseo, agóxica e carácter ás características do repertorio.
- Coñecer os principais trazos melódicos e harmónicos da música para clarinete desde o Barroco tardío ata o século XX.
- Relacionar a interpretación coa análise histórica das obras, tendo en conta o autor, a época, o contexto e as características estilísticas.
- Desenvolver unha maior autonomía na preparación e estudo do repertorio.
- Mellorar a capacidade de análise previa da partitura como ferramenta para tomar decisións interpretativas.
- Desenvolver a capacidade de memorizar fragmentos ou partes breves do repertorio.
- Mellorar a lectura a primeira vista.
- Continuar a práctica do clarinete baixo e do requinto.
- Desenvolver a capacidade de integración no traballo de orquestra, banda e outras agrupacións.
- Adquirir maior seguridade e capacidade comunicativa nas interpretacións públicas.

12.2 Contidos

- Escalas, arpexos e exercicios técnicos correspondentes ao nivel.
- Intervalos de terceira, cuarta e quinta.
- Exercicios de flexibilidade e coordinación entre rexistros.
- Rexistro sobreagudo do clarinete e dixitacións correspondentes.
- Respiración, emisión e control da columna de aire.

- Afinación e control auditivo.
- Timbre, dinámica, homoxeneidade e proxección sonora.
- Vibrato, cor sonora e flexibilidade como recursos expresivos.
- Articulación, ornamentación, fraseo e agóxica.
- Características melódicas e harmónicas da música para clarinete desde o Barroco tardío ata o século XX.
- Relación entre período histórico, xénero, autor, obra e criterios interpretativos.
- Análise histórica previa das partituras traballadas.
- Traballo de memoria.
- Lectura a primeira vista.
- Repertorio para clarinete baixo e requinto.
- Repertorio de orquestra e/ou banda.
- Análise e escoita de diferentes interpretacións.
- Preparación autónoma do repertorio.
- Interpretación pública.

12.3 Avaliación

12.3.1 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Observación sistemática do traballo realizado na aula.
- Seguimento da evolución técnica, sonora e interpretativa.
- Revisión dos estudos, exercicios e obras programadas.
- Probas prácticas periódicas.
- Audicións públicas.
- Exercicios de intervalos, flexibilidade e rexistro sobreagudo.
- Interpretación de fragmentos ou partes de memoria.
- Lectura a primeira vista.
- Actividades de análise histórica das obras.
- Traballo de repertorio de orquestra e/ou banda.
- Práctica do clarinete baixo e do requinto.
- Actividades de escoita e comparación de interpretacións.
- Rexistro das dificultades detectadas e das estratexias empregadas para resolvelas.

12.3.2 Criterios de avaliación

- **Técnica:** Dominar os recursos técnicos necesarios para abordar repertorio de dificultade media-alta con seguridade e fluidez.
- **Son / produción:** Controlar homoxeneidade, afinación, dinámica, timbre e proxección sonora en todo o rexistro utilizado.
- **Ritmo:** Resolver con precisión dificultades rítmicas, cambios de compás e articulacións complexas.
- **Interpretación:** Integrar respiración, fraseo, dinámica, articulación, agóxica e carácter nunha interpretación musicalmente coherente, empregando de maneira adecuada os recursos expresivos e os criterios propios do período e estilo da obra.
- **Repertorio:** Interpretar un repertorio variado demostrando capacidade para abordar as obras de maneira autónoma e comprendendo a súa estrutura e características principais.
- **Autonomía:** Empregar diferentes estratexias de estudo e seleccionar as máis adecuadas segundo a natureza de cada dificultade.
- **Interpretación pública:** Comunicar o carácter e a estrutura da obra mantendo concentración, seguridade e capacidade de reacción ante imprevistos.

12.3.3 Mínimos esixibles

- Interpretar un mínimo de **3 dos 14 primeiros estudos dos *40 Estudios*, vol. II, de C. Rose**, seleccionados entre os traballados durante o curso.
- Interpretar un mínimo de **dúas obras** da programación ou de nivel similar.
- Executar as escalas e exercicios técnicos traballados durante o curso.
- Conseguir unha maior estabilidade na emisión e estar en proceso de consolidar a homoxeneidade do son nos rexistros utilizados.
- Aplicar respiración, articulación, dinámica e fraseo de maneira suficientemente coherente.
- Comezar a diferenciar os principais trazos estilísticos das obras traballadas.
- Mostrar unha autonomía básica na preparación do repertorio.
- Interpretar unha parte dunha obra ou movemento de memoria.
- Realizar lecturas a primeira vista sinxelas adecuadas ao nivel.
- Participar en polo menos **dúas audicións públicas**.

12.3.4 Criterios de cualificación

Apartado	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	**40 %**
Probas prácticas	**20 %**
Audicións	**20 %**
Outros	**20 %**
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula (40 %): valorarase a evolución técnica e musical, a regularidade do estudo, a preparación do repertorio, a aplicación das indicacións e a progresiva autonomía.

Probas prácticas (20 %): valorarase a execución dos estudos, escalas, exercicios técnicos e obras, así como o dominio do rexistro sobreagudo e dos recursos expresivos traballados.

Audicións (20 %): valorarase a interpretación pública atendendo ao control técnico, sonoro, rítmico e expresivo, á concentración e á capacidade comunicativa.

Outros (20 %): valoraranse a lectura a primeira vista, memoria, análise histórica, traballo de orquestra/banda, práctica do clarinete baixo e requinto e outras actividades propostas.

12.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Poderá propoñerse a ampliación de matrícula cando o alumnado demostre un dominio suficiente dos contidos e mínimos do curso, unha evolución claramente superior á prevista e capacidade para afrontar os contidos correspondentes ao curso seguinte.

12.4 Medidas de recuperación

12.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación adaptarase ás dificultades detectadas e poderá incluír:

- Reforzo dos exercicios técnicos, escalas e intervalos.
- Traballo específico do rexistro sobreagudo.
- Recuperación dos estudos non superados.
- Revisión das obras programadas.
- Traballo de afinación, sonoridade, articulación e fraseo.
- Actividades de análise histórica e comprensión do repertorio.
- Exercicios de lectura a primeira vista.
- Traballo de memoria.
- Seguimento individualizado da evolución.

12.4.2 Convocatoria extraordinaria de xuño

1. **Estudo seleccionado polo alumnado:** un estudo dos *40 Estudios*, vol. II, de C. Rose, entre os traballados durante o curso. **30 %.**
2. **Estudos seleccionados polo profesor/a:** dous estudos do repertorio técnico traballado. **30 %.**
3. **Repertorio:** dúas obras da programación ou de nivel similar. **30 %.**
4. **Lectura a primeira vista:** estudo ou fragmento adecuado ao nivel. **10 %.**

Fórmula:
(Apartado 1 × 0,30) + (Apartado 2 × 0,30) + (Apartado 3 × 0,30) + (Apartado 4 × 0,10)

12.5 Repertorio e bibliografía orientativa

Estudos e técnica

- *40 Estudios*, vol. 2 — C. Rose — IMC.
- *20 Estudios de Media Dificultade* — Gabucci — Ricordi.

Obras

- *Concerto en Sib maior* — J. Pleyel.
- *Variacións en Do* — G. Rossini — Zarembski.
- *Introdución, tema e variacións* — C. M. Weber — Breitkopf.
- *Tres Pezas de Fantasía* — R. Schumann — Peters.
- *Sonata, op. 167* — C. Saint-Saëns — Durand.
- *Solo de Concurso* — A. Rabaud — Alphonse Leduc.
- *Estudo Melódico* — M. Yuste — Grafispania.
- *Monolog 3* — Erland von Koch — Carl Gehrmans.
- *Concerto* — P. Harvey.
- *Homenaxes* — Béla Kovács — Edition Darok.
- *Lied* — L. Berio.
- *Estudo Primo* — G. Donizetti — Ricordi.
- *Gregorianus 1* — Jesús González — obra galega.

O repertorio será orientativo e poderá ser substituído ou complementado por obras de dificultade técnica e musical similar.

13. 6.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

13.1 Obxectivos

- Consolidar de maneira integrada a técnica do clarinete e aplicala con seguridade ao repertorio de maior dificultade.
- Desenvolver unha autonomía plena e progresiva na planificación, organización e valoración do propio estudo.
- Controlar a emisión, afinación, timbre, dinámica, homoxeneidade e proxección sonora empregándoos como recursos expresivos.
- Desenvolver un son flexible e adaptado ás diferentes necesidades estilísticas e musicais do repertorio.
- Resolver con seguridade dificultades de dixitación, articulación, respiración, coordinación e flexibilidade.
- Desenvolver unha interpretación madura, coherente e persoal.
- Integrar respiración, fraseo, dinámica, articulación, agóxica, ornamentación, timbre e carácter nun discurso musical coherente.
- Fundamentar as decisións interpretativas no coñecemento do período, xénero, estilo, contexto e estrutura da obra.
- Relacionar o traballo do clarinete coa análise musical, aplicando procedementos de análise interpretativa ao repertorio.
- Desenvolver a capacidade de realizar unha análise histórica previa das obras e empregar esa información na interpretación.
- Desenvolver unha sensibilidade auditiva que permita valorar diferentes interpretacións e tomar decisións interpretativas propias.
- Escoitar e comparar interpretacións en directo e mediante gravacións, desenvolvendo un criterio musical persoal.
- Interpretar repertorio amplo e esixente, abordando obras novas con autonomía.
- Consolidar a práctica do clarinete baixo, requinto e clarinete en La.
- Mellorar a lectura a primeira vista e a capacidade de adaptación ante diferentes situacións musicais.
- Traballar o repertorio de orquestra e/ou banda.
- Desenvolver seguridade, concentración e capacidade comunicativa para afrontar interpretacións públicas de maior responsabilidade.
- Preparar o alumnado para continuar a súa formación musical posterior con hábitos de estudo e criterios interpretativos sólidos.

13.2 Contidos

- Escalas, arpexos e exercicios técnicos de maior dificultade.
- Exercicios de mecanismo, articulación, coordinación e flexibilidade.
- Traballo integral dos diferentes rexistros do instrumento.
- Respiración, emisión, columna de aire e control da sonoridade.
- Afinación e sensibilidade auditiva.
- Timbre, cor, dinámica, homoxeneidade e proxección sonora.
- Vibrato e outros recursos expresivos.
- Articulación, ornamentación e agóxica.
- Fraseo e construción do discurso musical.
- Análise estrutural e análise interpretativa aplicada ao repertorio.
- Análise histórica das obras e relación co contexto musical.
- Escoita, comparación e valoración de diferentes interpretacións.
- Desenvolvemento dun criterio interpretativo propio.
- Repertorio de alto nivel técnico e musical.
- Traballo de memoria.
- Lectura a primeira vista.
- Clarinete baixo, requinto e clarinete en La.
- Repertorio de orquestra e/ou banda.
- Preparación autónoma de obras novas.
- Planificación, avaliación e modificación do propio estudo.
- Interpretación pública.

13.3 Avaliación

13.3.1 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Observación sistemática do traballo na aula.
- Seguimento da evolución técnica, sonora e musical.
- Revisión do repertorio e dos estudos.
- Probas prácticas.
- Audicións públicas.
- Exercicios técnicos e escalas.
- Interpretación de memoria.
- Lectura a primeira vista.

- Actividades de análise interpretativa.
- Análise histórica das obras.
- Audición e comparación de diferentes versións.
- Traballo de repertorio de orquestra e/ou banda.
- Práctica do clarinete baixo, requinto e clarinete en La.
- Rexistro das dificultades e estratexias utilizadas para a súa resolución.
- Valoración da capacidade de preparar repertorio novo de maneira autónoma.
- Autoavaliación e valoración do propio proceso de estudo cando proceda.

13.3.2 Criterios de avaliación

- **Técnica:** Dominar de maneira integrada a técnica do clarinete, empregando con seguridade dixitación, articulación, respiración e coordinación para resolver repertorio de alto nivel.
- **Son / produción:** Controlar plenamente afinación, timbre, dinámica, homoxeneidade e proxección sonora, empregándoos como recursos expresivos.
- **Ritmo:** Resolver con seguridade as dificultades rítmicas do repertorio mantendo precisión, estabilidade e flexibilidade.
- **Interpretación:** Realizar interpretacións maduras, coherentes e persoais, integrando fraseo, dinámica, articulación, respiración, agóxica e carácter, e fundamentando as decisións interpretativas no coñecemento do período, estilo, xénero e contexto da obra.
- **Repertorio:** Interpretar un repertorio amplo e esixente demostrando dominio técnico-musical e capacidade para preparar obras novas con autonomía.
- **Autonomía:** Planificar, desenvolver e avaliar o propio estudo, identificando as causas das dificultades e seleccionando de maneira independente as estratexias máis eficaces.
- **Interpretación pública:** Ofrecer interpretacións públicas maduras, seguras e comunicativas, mantendo concentración, control escénico, continuidade e capacidade de recuperación ante imprevistos.

13.3.3 Mínimos esixibles

- Interpretar un mínimo de **3 estudos de *Passage Studies*, vol. II, de F. Thurston**, seleccionados entre os traballados durante o curso.
- Interpretar un mínimo de **dúas obras** da programación ou de nivel similar.
- Executar as escalas e exercicios técnicos traballados durante o curso.
- Mostrar un control suficiente da emisión, sonoridade e afinación para abordar o repertorio establecido.

- Aplicar respiración, articulación, dinámica e fraseo de maneira suficientemente coherente.
- Recoñecer os principais trazos estilísticos das obras traballadas e comezar a aplicalos na interpretación.
- Mostrar unha autonomía suficiente para organizar o estudo das obras e resolver as dificultades máis evidentes.
- Interpretar unha parte dunha obra ou movemento de memoria.
- Realizar lecturas a primeira vista de dificultade básica dentro do nivel do curso.
- Participar en polo menos **dúas audicións públicas**.

13.3.4 Criterios de cualificación

Apartado	Porcentaxe
Traballo e evolución na aula	**40 %**
Probas prácticas	**20 %**
Audicións	**20 %**
Outros	**20 %**
Total	**100 %**

Traballo e evolución na aula (40 %): valorarase a evolución técnica e musical, a autonomía, a regularidade e eficacia do estudo, a preparación do repertorio e a capacidade para avaliar e modificar o propio proceso de traballo.

Probas prácticas (20 %): valorarase o dominio técnico, a execución dos estudos e obras, a capacidade para abordar repertorio de maior dificultade e a resolución autónoma das dificultades.

Audicións (20 %): valorarase a interpretación pública completa, o dominio técnico-musical, a madurez interpretativa, a concentración, a capacidade comunicativa e a resposta ante imprevistos.

Outros (20 %): valoraranse a lectura a primeira vista, memoria, análise musical e histórica, escoita comparada, repertorio de orquestra/banda e práctica do clarinete baixo, requinto e clarinete en La.

13.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Ao tratarse do último curso do Grao Profesional, non procederá a ampliación de matrícula cara a un curso posterior dentro das ensinanzas profesionais. Calquera procedemento relacionado coa continuidade ou promoción a ensinanzas superiores estará condicionado pola normativa correspondente e polos procedementos establecidos polo centro.

13.4 Medidas de recuperación

13.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

A recuperación adaptarase ás dificultades detectadas e poderá incluír:

- Reforzo dos exercicios técnicos.
- Recuperación dos estudos non superados.
- Traballo específico de emisión, afinación, sonoridade e articulación.
- Revisión e preparación das obras programadas.
- Actividades de análise interpretativa e histórica.
- Escoita e comparación de diferentes interpretacións.
- Exercicios de lectura a primeira vista.
- Traballo de memoria.
- Traballo específico con clarinete baixo, requinto e clarinete en La.
- Reforzo da autonomía e planificación do estudo.
- Seguimento individualizado da evolución.

13.4.2 Convocatoria extraordinaria de xuño

1. **Estudo seleccionado polo alumnado:** un estudo de *Passage Studies*, vol. II, de F. Thurston, entre os traballados durante o curso. **30 %.**
2. **Estudos seleccionados polo profesor/a:** dous estudos do repertorio técnico traballado durante o curso. **30 %.**
3. **Repertorio:** dúas obras da programación ou de nivel similar. **30 %.**
4. **Lectura a primeira vista:** estudo ou fragmento adecuado ao nivel. **10 %.**

Fórmula:
(Apartado 1 × 0,30) + (Apartado 2 × 0,30) + (Apartado 3 × 0,30) + (Apartado 4 × 0,10)

13.5 Repertorio e bibliografía orientativa

Estudos e técnica

- *24 Estudios en Todas as Tonalidades* — R. Stark.
- *48 Estudios*, vol. 2 — A. Uhl — Schott.
- *Passage Studies*, vol. 2 — F. Thurston — Boosey and Hawkes.
- *10 Estudios* — Magnani — Ricordi.
- *12 Estudios de Ritmo* — M. Bitsch — Alphonse Leduc.

Obras

- *Concerto K. 622* — W. A. Mozart — Bärenreiter.
- *Estudo Primo* — G. Donizetti — Ricordi.

- *Concerto, op. 11* — B. Crusell — Universal Edition.
- *Gran Dúo Concertante* — C. M. Weber — Breitkopf.
- *Concerto n.º 1* — L. Spohr.
- *Sonata n.º 2* — J. Brahms — Urtext.
- *Sonatina* — B. Martinů.
- *Tres Pezas para clarinete* — I. Stravinsky.
- *Sonata* — L. Bernstein.
- *Capricho Pintoresco* — M. Yuste — Grafispania.
- *Capricho* — Suttermeister.
- *Sonata* — F. Poulenc — Chester Music.
- *3 Miniaturas para clarinete* — K. Penderecki.
- *4 Pezas* — A. Berg.
- *Homenaxes* — Béla Kovács — Edition Darok.
- *D.D.* — Jesús González — obra galega.
- Repertorio orquestral.

O repertorio terá carácter orientativo e poderá ser substituído ou complementado por obras de dificultade técnica e musical similar, segundo as características e necesidades do alumnado.

14. METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada na ensinanza do clarinete terá como punto de partida as características individuais de cada alumno ou alumna, o seu nivel de desenvolvemento musical e técnico e os coñecementos adquiridos previamente. Procurarase que os novos aprendizaxes se apoien nos anteriores e permitan avanzar de maneira progresiva e coherente.

Os principais principios metodolóxicos serán os seguintes:

a) Partirase sempre do nivel real do alumnado, adaptando o traballo ás súas capacidades, necesidades e ritmo de aprendizaxe. Os novos contidos presentaranse como unha continuidade dos coñecementos e habilidades xa adquiridos, facilitando así a súa comprensión e aplicación práctica.

b) Procurarase que a aprendizaxe sexa significativa e funcional. O alumnado deberá comprender para que serve aquilo que está a traballar e ser capaz de aplicalo posteriormente na interpretación, no estudo individual e no repertorio.

c) Fomentarase progresivamente a autonomía. O obxectivo non será que o alumnado dependa continuamente das indicacións do profesor ou profesora, senón que aprenda a escoitarse, detectar dificultades, analizar as causas dos erros e buscar estratexias para resolvelos.

d) A motivación terá un papel fundamental no proceso de aprendizaxe. Procurarase estimular o interese pola música, o instrumento e a propia evolución persoal, fomentando a autosuperación e o gusto por mellorar. O principal obxectivo será sempre o desenvolvemento musical e artístico, por riba de aspectos externos como premios, recoñecementos ou resultados puntuais.

A interpretación diante do profesor ou profesora, a utilización de reforzos positivos, a explicación clara dos obxectivos de cada exercicio e a selección dun repertorio adecuado aos intereses e posibilidades do alumnado serán recursos habituais para favorecer a motivación.

Tamén se fomentará a participación activa nas clases colectivas, nas audicións e nas diferentes actividades musicais do centro.

e) A aprendizaxe implicará unha evolución progresiva dos coñecementos e habilidades previamente adquiridos. Os novos contidos deberán integrarse nos anteriores, establecendo relacións entre a técnica, a lectura, a interpretación, a audición e o coñecemento do repertorio.

f) O alumnado deberá manter unha participación activa durante as clases. O papel do profesor ou profesora será principalmente o de orientar, explicar, corrixir e proporcionar ferramentas de traballo, procurando que o alumno ou alumna sexa capaz de realizar por si mesmo aquilo que estea ao seu alcance.

g) A atención á diversidade estará presente tanto na planificación como no desenvolvemento das clases. As actividades, exercicios, repertorio e estratexias de estudo poderán adaptarse ás características e necesidades concretas de cada alumno ou alumna, respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe.

h) As clases terán un carácter integrador. Procurarase relacionar o traballo específico do clarinete cos coñecementos adquiridos noutras materias do currículo, como Linguaxe Musical, Piano Complementario, Harmonía, Análise, Historia da Música, Orquestra ou Música de Cámara.

Do mesmo xeito, a interpretación deberá entenderse como un proceso no que están relacionados os aspectos técnicos e musicais: respiración, emisión, son, afinación, dixitación, articulación, ritmo, fraseo, dinámica, agóxica, carácter e estilo.

15. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade forma parte da práctica docente habitual e implica adaptar, cando sexa necesario, os procedementos de ensino ás características, necesidades e posibilidades de cada alumno ou alumna.

No caso da especialidade de clarinete, poderán contemplarse, entre outras, as seguintes situacións:

- **Necesidades relacionadas coa respiración:** cando existan dificultades que afecten ao control respiratorio, o traballo poderá adaptarse mediante exercicios específicos de respiración, control do aire, relaxación e coordinación entre respiración e emisión. Calquera exercicio ou dispositivo específico deberá empregarse de maneira axeitada e, cando corresponda, seguindo as indicacións dos profesionais sanitarios responsables.
- **Dificultades visuais:** facilitarase, sempre que sexa necesario, o acceso ao material mediante partituras dixitais, ampliación de tamaño, modificación do contraste ou outras ferramentas tecnolóxicas que faciliten a lectura.
- **Outras necesidades específicas:** poderanse adaptar o ritmo de traballo, a selección do repertorio, os exercicios técnicos, a organización do estudo ou os materiais empregados, procurando manter en todo momento os obxectivos fundamentais da materia.

En todos os casos buscarase favorecer a participación plena do alumnado nas actividades individuais, colectivas e de carácter público.

16. TEMAS TRANSVERSAIS

16.1 Educación en valores

A ensinanza do clarinete contribuirá ao desenvolvemento de valores relacionados co respecto, a convivencia, a responsabilidade, o esforzo, a igualdade e a valoración da diversidade.

Estes aspectos estarán presentes tanto nas clases individuais como nas actividades colectivas, nas audicións e no traballo con outros músicos.

Prestarase especial atención ao respecto polo traballo propio e alleo, á capacidade de escoita, á cooperación, ao cumprimento das responsabilidades individuais dentro dun grupo e ao comportamento adecuado durante os ensaios, concertos e demais actividades musicais.

Do mesmo xeito, procurarase que o alumnado desenvolva progresivamente a capacidade de valorar a música desde unha perspectiva estética e artística, aprendendo a escoitar de maneira crítica e respectuosa diferentes estilos, épocas, intérpretes e propostas musicais.

16.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

As tecnoloxías da información e da comunicación constitúen unha ferramenta complementaria para o estudo do instrumento.

Sempre que os recursos do centro o permitan, empregaranse para consultar partituras e edicións, localizar información sobre compositores e obras, acceder a gravacións, comparar diferentes interpretacións, consultar artigos ou materiais especializados e organizar o traballo individual.

As ferramentas dixitais poderán empregarse tamén para realizar gravacións das propias interpretacións, revisar posteriormente o traballo realizado e favorecer a capacidade de autoavaliación do alumnado.

Procurarase, ademais, que o alumnado aprenda a seleccionar información musical fiable e a facer un uso responsable das fontes e dos recursos dixitais.

17. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

As actividades culturais e de promoción das ensinanzas estarán relacionadas co ámbito musical e artístico e terán como finalidade complementar o traballo desenvolvido na aula, ampliar a formación do alumnado e achegalo á realidade profesional e cultural.

Sempre que a organización do centro e os recursos dispoñibles o permitan, poderán realizarse as seguintes actividades:

- **Audicións:** programaranse como mínimo dúas audicións ao longo do curso, procurando que se distribúan de maneira equilibrada. Como orientación, poderá realizarse unha durante o segundo trimestre e outra ao final do curso.

  As audicións terán unha dobre finalidade. Para o alumnado intérprete constituirán unha oportunidade para poñer en práctica os recursos técnicos e expresivos traballados na aula, desenvolver a capacidade de concentración e adquirir experiencia interpretativa diante do público. Para o alumnado que asista como oínte serán unha oportunidade para desenvolver a escoita, coñecer o repertorio e aprender a valorar de maneira crítica e respectuosa o traballo dos compañeiros e compañeiras.
- **Asistencia a concertos:** procurarase favorecer a asistencia a concertos de diferentes características: recitais de solistas, concertos de profesores e profesoras, agrupacións do propio centro, agrupacións doutros conservatorios, bandas, orquestras e formacións profesionais.
- **Visitas e actividades culturais:** poderán organizarse saídas relacionadas coa música e coa cultura, así como visitas a museos, exposicións, centros culturais ou outras institucións de interese artístico. Tamén poderán realizarse intercambios con outros centros musicais ou actividades e concertos fóra do conservatorio.
- **Asistencia a ensaios de agrupacións profesionais:** sempre que sexa posible, facilitarase o contacto do alumnado coa realidade profesional mediante a asistencia a ensaios de orquestras ou outras agrupacións. No ámbito galego, poderá considerarse especialmente interesante a asistencia a ensaios da Orquestra Sinfónica de Galicia ou da Real Filharmonía de Galicia. Cando sexa posible, procurarase completar a actividade cun pequeno encontro cos músicos ou co director ou directora, no que o alumnado poida formular preguntas relacionadas co traballo profesional.
- **Cursos e talleres con profesorado convidado:** favorecerase a participación en cursos, encontros e clases maxistrais impartidos por profesionais de diferentes procedencias e escolas interpretativas. Estas actividades permiten coñecer outras formas de traballo, ampliar referencias e entrar en contacto con alumnado doutros centros.
- **Audicións comentadas:** sempre que os recursos do centro o permitan, poderán realizarse sesións de escoita de gravacións ou visualización de vídeos de obras e intérpretes de referencia. Estas actividades estarán introducidas e contextualizadas polo profesor ou profesora e poderán rematar cunha posta en común ou debate no

que o alumnado exprese as súas impresións e compare diferentes propostas interpretativas.

Todas estas actividades estarán orientadas tanto á formación musical como ao desenvolvemento de hábitos de convivencia, responsabilidade, respecto e participación na vida cultural do centro e da contorna.

18. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A programación didáctica será obxecto de seguimento ao longo do curso co fin de comprobar o seu desenvolvemento e valorar a súa adecuación ás necesidades reais do alumnado.

O profesorado analizará periodicamente o grao de cumprimento dos obxectivos e contidos previstos, a adecuación das actividades e metodoloxías empregadas, a evolución do alumnado e os resultados obtidos nos diferentes procedementos de avaliación.

Para este seguimento teranse en conta, entre outros elementos, o traballo realizado na aula, as probas prácticas, as audicións, as actividades complementarias e os resultados das avaliacións trimestrais.

Cando sexa necesario, poderán introducirse modificacións na temporalización, selección de repertorio, metodoloxía ou actividades previstas, sempre co obxectivo de adaptar a programación ao desenvolvemento real do curso.

As conclusións e propostas de mellora quedarán recollidas nas reunións do departamento e, cando corresponda, na memoria final do curso.

19. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

A avaliación interna do departamento realizarase de maneira conxunta polo profesorado que o integra e terá como finalidade analizar o desenvolvemento das programacións, os resultados obtidos e aqueles aspectos susceptibles de mellora.

Ao finalizar o curso valoraranse, entre outros aspectos:

- O número de alumnos e alumnas matriculados na especialidade.
- As baixas producidas durante o curso.
- Os resultados académicos e as porcentaxes de alumnado aprobado e non superado.
- O grao de cumprimento dos obxectivos e contidos previstos.
- A adecuación da metodoloxía e dos procedementos de avaliación.
- As dificultades detectadas durante o proceso de ensino e aprendizaxe.
- As medidas adoptadas para dar resposta ás necesidades do alumnado.
- O funcionamento das actividades complementarias e audicións.
- As propostas de mellora para o curso seguinte.

Tamén se analizarán as circunstancias que puidesen influír nos resultados, diferenciando aqueles aspectos relacionados co propio proceso de ensino dos que respondan a circunstancias particulares do alumnado.

As conclusións deste proceso quedarán reflectidas na Memoria Final do Departamento, que se incorporará á Memoria Xeral do Centro.

20. ANEXOS

20.1 PROBAS DE ACCESO A 1.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

- O/a aspirante deberá consultar tamén as programacións das probas de acceso do resto das materias correspondentes ao curso ao que desexa acceder.
- No caso de que a proposta interpretativa requira acompañamento, este correrá a cargo do/a aspirante.

CONTIDOS

O/a aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal formada por **tres obras de diferentes estilos**, das cales, como mínimo, unha deberá ser interpretada de memoria.

A proposta deberá permitir valorar o nivel técnico e musical do/a aspirante, así como a súa capacidade expresiva e a adecuación da interpretación ás características estilísticas e estéticas das obras seleccionadas.

O/a aspirante deberá entregar ao tribunal unha relación das obras que vai interpretar e unha copia das partituras orixinais.

As obras que o requiran poderán ser interpretadas con acompañamento doutro instrumento.

REPERTORIO ORIENTATIVO

- *Sonatas* — Lefèvre — Schott.
- *Romanze para clarinete e piano* — M. Reger — Breitkopf.
- *Divertimento n.º 3 para clarinete e piano* — W. A. Mozart.
- *Bagatelles* — A. White — Roberton.
- *Adagio* — Baermann — Breitkopf & Härtel.
- *Fantasía* — C. Nielsen.
- *Peza en Sol menor* — G. Pierné.
- *La Clarinette Classique B* — J. Lancelot / H. Classens — M. Combre.
- *Dúo n.º 2 para clarinete e piano* — Carlos M. Cambeiro Alís (obra galega).
- *Summertime* — G. Gershwin.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a valoración das probas de acceso teranse en conta os criterios de avaliación establecidos nesta programación e, cando corresponda, os do curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

A cualificación da proba distribuirase do seguinte xeito:

Técnica: 40 %

- Control e aproveitamento do aire.
- Calidade, estabilidade e homoxeneidade do son.
- Control básico da afinación.
- Emisión e respiración.

- Posición corporal e embocadura.
- Dixitación.
- Articulación e flexibilidade.

Interpretación: 40 %

- Precisión e estabilidade rítmica.
- Seguridade no tempo.
- Claridade das articulacións.
- Aplicación das dinámicas e demais indicacións expresivas.
- Coherencia do fraseo.
- Adecuación da interpretación ás características da obra.
- Capacidade de comunicación musical.
- Coordinación co acompañamento, no caso de habelo.

Adecuación ao repertorio: 20 %

- Coherencia na elección e interpretación do repertorio.
- Adecuación ás características estilísticas das obras.
- Fidelidade ao texto musical.
- Adecuación dos tempos e do carácter.
- Capacidade para transmitir musicalmente o contido das obras.

20.2 PROBAS DE ACCESO A 2.º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

- O/a aspirante deberá consultar as programacións das probas de acceso do resto das materias correspondentes ao curso ao que desexa acceder.
- No caso de que a proposta interpretativa requira acompañamento, este correrá a cargo do/a aspirante.

CONTIDOS

O/a aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal formada por tres obras de diferentes estilos, das cales, como mínimo, unha deberá ser interpretada de memoria.

A proposta deberá demostrar un nivel técnico, musical e expresivo acorde cos obxectivos establecidos para o curso ao que se pretende acceder.

O/a aspirante deberá entregar ao tribunal unha relación das obras que vai interpretar e unha copia das partituras orixinais.

As obras que o requiran poderán ser interpretadas con acompañamento doutro instrumento.

REPERTORIO ORIENTATIVO

Consultar o repertorio e a bibliografía orientativa establecidos no apartado correspondente ao **1.º curso de Grao Elemental** desta programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación da proba distribuirase do seguinte xeito:

Técnica: 40 %

- Control do aire e respiración.
- Calidade e homoxeneidade do son.
- Afinación.
- Emisión.
- Posición corporal e embocadura.
- Dixitación.
- Articulación e flexibilidade.

Interpretación: 40 %

- Precisión rítmica.
- Seguridade na execución.
- Aplicación das articulacións, dinámicas e indicacións expresivas.
- Coherencia do fraseo.
- Adecuación ao carácter da obra.
- Coordinación co acompañamento, cando corresponda.

Adecuación ao repertorio: 20 %

- Adecuación do repertorio ao nivel da proba.
- Fidelidade ao texto.
- Coherencia estilística.
- Adecuación do tempo e do carácter.
- Capacidade de comunicación musical.

20.3 PROBAS DE ACCESO A 3.º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

- O/a aspirante deberá consultar as programacións das probas de acceso do resto das materias correspondentes ao curso ao que desexa acceder.
- No caso de que a proposta interpretativa requira acompañamento, este correrá a cargo do/a aspirante.

CONTIDOS

O/a aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal formada por tres obras de diferentes estilos, das cales, como mínimo, unha deberá ser interpretada de memoria.

A proposta deberá demostrar un nivel técnico, musical e expresivo acorde cos obxectivos establecidos para o curso ao que se pretende acceder.

O/a aspirante deberá entregar ao tribunal unha relación das obras que vai interpretar e unha copia das partituras orixinais.

As obras que o requiran poderán ser interpretadas con acompañamento doutro instrumento.

REPERTORIO ORIENTATIVO

Consultar o repertorio e a bibliografía orientativa establecidos no apartado correspondente ao **2.º curso de Grao Elemental** desta programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Técnica: 40 %

- Control do aire e respiración.
- Calidade e homoxeneidade do son.
- Afinación.
- Emisión.
- Posición corporal e embocadura.
- Dixitación.
- Articulación e flexibilidade.

Interpretación: 40 %

- Precisión e estabilidade rítmica.
- Seguridade na execución.
- Claridade das articulacións.
- Aplicación das dinámicas e indicacións expresivas.
- Coherencia do fraseo.
- Adecuación ao carácter e ás características da obra.
- Coordinación co acompañamento.

Adecuación ao repertorio: 20 %

- Adecuación do repertorio ao nivel.
- Fidelidade ao texto musical.
- Coherencia estilística.
- Adecuación dos tempos e do carácter.
- Capacidade de comunicación musical.

20.4 PROBAS DE ACCESO A 4.º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

- O/a aspirante deberá consultar as programacións das probas de acceso do resto das materias correspondentes ao curso ao que desexa acceder.
- No caso de que a proposta interpretativa requira acompañamento, este correrá a cargo do/a aspirante.

CONTIDOS

O/a aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal formada por tres obras de diferentes estilos, das cales, como mínimo, unha deberá ser interpretada de memoria.

A proposta deberá demostrar un nivel técnico e expresivo e unha madurez musical acorde cos obxectivos establecidos para o curso.

O/a aspirante deberá entregar ao tribunal unha relación das obras que vai interpretar e unha copia das partituras orixinais.

As obras que o requiran poderán ser interpretadas con acompañamento doutro instrumento.

REPERTORIO ORIENTATIVO

Consultar o repertorio e a bibliografía orientativa establecidos no apartado correspondente ao **3.º curso de Grao Elemental** desta programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Técnica: 40 %

- Control do aire e respiración.
- Calidade, estabilidade e homoxeneidade do son.
- Afinación.
- Emisión.
- Posición corporal e embocadura.
- Dixitación.
- Articulación e flexibilidade.

Interpretación: 40 %

- Precisión e estabilidade rítmica.
- Seguridade na execución.
- Aplicación das articulacións, dinámicas e indicacións expresivas.
- Coherencia do fraseo.
- Adecuación estilística.
- Capacidade de comunicación musical.
- Coordinación co acompañamento.

Adecuación ao repertorio: 20 %

- Adecuación do repertorio ao nivel.

- Fidelidade ao texto.
- Coherencia estilística.
- Adecuación dos tempos e do carácter.
- Interese e coherencia da proposta interpretativa.

20.5 PROBAS DE ACCESO A 2.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

- O/a aspirante deberá consultar as programacións das probas de acceso do resto das materias correspondentes ao curso ao que desexa acceder.
- No caso de que a proposta interpretativa requira acompañamento, este será opcional e correrá a cargo do/a aspirante.

CONTIDOS

O/a aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal formada por **tres obras de diferentes estilos**, das cales, como mínimo, unha deberá ser interpretada de memoria.

A proposta deberá demostrar un nivel técnico e musical acorde cos obxectivos establecidos para **1.º de Grao Profesional**, así como capacidade para abordar un repertorio de dificultade equivalente.

O/a aspirante deberá entregar ao tribunal unha relación das obras que vai interpretar e unha copia das partituras orixinais.

As obras que o requiran poderán ser interpretadas con acompañamento doutro instrumento.

REPERTORIO ORIENTATIVO

Consultar o repertorio e a bibliografía orientativa establecidos no apartado correspondente ao **1.º curso de Grao Profesional** desta programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Técnica: 40 %

- Control do aire e respiración.
- Emisión.
- Calidade e homoxeneidade do son.
- Control da afinación.
- Dixitación e articulación.
- Flexibilidade.
- Posición corporal.

Interpretación: 40 %

- Precisión e estabilidade rítmica.
- Control do tempo.
- Aplicación das articulacións e dinámicas.
- Coherencia do fraseo.

- Adecuación ao carácter da obra.
- Adecuación estilística.
- Capacidade de comunicación musical.
- Coordinación co acompañamento.

Adecuación ao repertorio: 20 %

- Adecuación das obras ao nivel.
- Fidelidade ao texto.
- Coherencia estilística.
- Adecuación do tempo e do carácter.
- Interese e coherencia da proposta interpretativa.

20.6 PROBAS DE ACCESO A 3.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

- O/a aspirante deberá consultar as programacións das probas de acceso do resto das materias correspondentes ao curso ao que desexa acceder.
- No caso de que a proposta interpretativa requira acompañamento, este será opcional e correrá a cargo do/a aspirante.

CONTIDOS

O/a aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal formada por tres obras de diferentes estilos, das cales, como mínimo, unha deberá ser interpretada de memoria.

A proposta deberá demostrar un nivel técnico e musical acorde cos obxectivos establecidos para **2.º de Grao Profesional**.

O/a aspirante deberá entregar ao tribunal unha relación das obras que vai interpretar e unha copia das partituras orixinais.

As obras que o requiran poderán ser interpretadas con acompañamento doutro instrumento.

REPERTORIO ORIENTATIVO

Consultar o repertorio e a bibliografía orientativa establecidos no apartado correspondente ao **2.º curso de Grao Profesional** desta programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Técnica: 40 %

- Control do aire e respiración.
- Estabilidade da emisión.
- Calidade, homoxeneidade e proxección do son.
- Afinación.
- Dixitación e articulación.
- Flexibilidade.

Interpretación: 40 %

- Precisión e estabilidade rítmica.
- Control do tempo.
- Coherencia do fraseo.
- Aplicación das dinámicas, articulacións e indicacións expresivas.
- Adecuación ao carácter e ao estilo.
- Capacidade de comunicación musical.
- Coordinación co acompañamento.

Adecuación ao repertorio: 20 %

- Adecuación do repertorio ao nivel.
- Fidelidade ao texto musical.
- Coherencia estilística.
- Adecuación dos tempos e do carácter.
- Coherencia da proposta interpretativa.

20.7 PROBAS DE ACCESO A 4.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

- O/a aspirante deberá consultar as programacións das probas de acceso do resto das materias correspondentes ao curso ao que desexa acceder.
- No caso de que a proposta interpretativa requira acompañamento, este será opcional e correrá a cargo do/a aspirante.

CONTIDOS

O/a aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal formada por tres obras de diferentes estilos, das cales, como mínimo, unha deberá ser interpretada de memoria.

A proposta deberá demostrar un nivel técnico, musical e expresivo acorde cos obxectivos establecidos para **3.º de Grao Profesional**.

O/a aspirante deberá entregar ao tribunal unha relación das obras que vai interpretar e unha copia das partituras orixinais.

As obras que o requiran poderán ser interpretadas con acompañamento doutro instrumento.

REPERTORIO ORIENTATIVO

Consultar o repertorio e a bibliografía orientativa establecidos no apartado correspondente ao **3.º curso de Grao Profesional** desta programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Técnica: 40 %

- Control do aire e respiración.
- Emisión e estabilidade do son.
- Homoxeneidade entre rexistros.

- Afinación.
- Dixitación e articulación.
- Flexibilidade e control técnico.

Interpretación: 40 %

- Precisión e estabilidade rítmica.
- Control do tempo e do pulso.
- Coherencia do fraseo.
- Aplicación das dinámicas, articulacións e indicacións expresivas.
- Adecuación estilística.
- Control dos diferentes planos sonoros.
- Capacidade de comunicación musical.

Adecuación ao repertorio: 20 %

- Adecuación do repertorio ao nivel.
- Fidelidade ao texto.
- Coherencia estilística.
- Adecuación do tempo, carácter e dinámica.
- Coherencia e interese da proposta interpretativa.

20.8 PROBAS DE ACCESO A 5.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

- O/a aspirante deberá consultar as programacións das probas de acceso do resto das materias correspondentes ao curso ao que desexa acceder.
- No caso de que a proposta interpretativa requira acompañamento, este será opcional e correrá a cargo do/a aspirante.

CONTIDOS

O/a aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal formada por tres obras de diferentes estilos, das cales, como mínimo, unha deberá ser interpretada de memoria.

A proposta deberá demostrar un nivel técnico, musical e expresivo acorde cos obxectivos establecidos para **4.º de Grao Profesional**, así como capacidade para abordar repertorio de dificultade equivalente.

O/a aspirante deberá entregar ao tribunal unha relación das obras que vai interpretar e unha copia das partituras orixinais.

As obras que o requiran poderán ser interpretadas con acompañamento doutro instrumento.

REPERTORIO ORIENTATIVO

Consultar o repertorio e a bibliografía orientativa establecidos no apartado correspondente ao **4.º curso de Grao Profesional** desta programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Técnica: 40 %

- Control do aire e respiración.
- Estabilidade e calidade da emisión.
- Homoxeneidade e proxección do son.
- Afinación.
- Dixitación e articulación.
- Flexibilidade e dominio técnico.

Interpretación: 40 %

- Precisión e estabilidade rítmica.
- Control do tempo.
- Coherencia do fraseo.
- Aplicación consciente das dinámicas, articulacións e recursos agóxicos.
- Adecuación ao estilo e carácter da obra.
- Control dos planos sonoros.
- Capacidade de comunicación musical.

Adecuación ao repertorio: 20 %

- Adecuación do repertorio ao nivel.
- Fidelidade ao texto.
- Coherencia estilística.
- Adecuación do tempo e do carácter.
- Coherencia e interese da proposta interpretativa.

20.9 PROBAS DE ACCESO A 6.º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

- O/a aspirante deberá consultar as programacións das probas de acceso do resto das materias correspondentes ao curso ao que desexa acceder.
- No caso de que a proposta interpretativa requira acompañamento, este será opcional e correrá a cargo do/a aspirante.

CONTIDOS

O/a aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal formada por tres obras de diferentes estilos, das cales, como mínimo, unha deberá ser interpretada de memoria.

A proposta deberá demostrar un nivel técnico, musical e expresivo acorde cos obxectivos establecidos para **5.º de Grao Profesional**, así como capacidade para abordar repertorio de considerable dificultade.

O/a aspirante deberá entregar ao tribunal unha relación das obras que vai interpretar e unha copia das partituras orixinais.

As obras que o requiran poderán ser interpretadas con acompañamento doutro instrumento.

REPERTORIO ORIENTATIVO

Consultar o repertorio e a bibliografía orientativa establecidos no apartado correspondente ao **5.º curso de Grao Profesional** desta programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Técnica: 40 %

- Control do aire e respiración.
- Estabilidade e calidade da emisión.
- Homoxeneidade, timbre e proxección do son.
- Control da afinación.
- Dominio da dixitación e articulación.
- Flexibilidade e dominio dos recursos técnicos necesarios para o repertorio.

Interpretación: 40 %

- Precisión, estabilidade e flexibilidade rítmica.
- Control do tempo.
- Coherencia e madurez do fraseo.
- Integración das dinámicas, articulacións e recursos agóxicos.
- Adecuación estilística.
- Control dos planos sonoros e da estrutura musical.
- Capacidade de comunicación musical.

Adecuación ao repertorio: 20 %

- Adecuación do repertorio ao nivel.
- Fidelidade ao texto e ás indicacións da partitura.
- Coherencia estilística.
- Adecuación do tempo, carácter e recursos expresivos.
- Coherencia e interese da proposta interpretativa.

20.10 PREMIOS FIN DE GRAO

Poderán presentarse aos Premios Fin de Grao os alumnos e alumnas do Conservatorio Profesional de Música de Carballo que rematasen **6.º curso de Grao Profesional cunha cualificación media igual ou superior a 8** e que non teñan materias pendentes do curso anterior.

O concurso realizarase ante un tribunal único, composto por tres membros.

Os/as candidatos/as interpretarán unha ou varias obras cun nivel adecuado ás características da proba.

Deberán presentar ao tribunal tres copias de cada unha das obras que vaian interpretar.

O tribunal será proposto pola dirección do centro e a súa composición, así como os horarios e lugar de celebración da proba, serán publicados con antelación polos medios establecidos polo centro.

Tanto a selección como, no seu caso, os concertos ou actividades que poidan derivarse desta convocatoria poderán ser gravados polo centro e utilizados con fins pedagóxicos, respectando en todo momento a normativa aplicable.

O tribunal poderá interromper a interpretación cando o considere oportuno para o desenvolvemento da proba. A duración total da intervención de cada candidato/a será de **15 a 20 minutos**.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Interpretar as obras demostrando un elevado dominio técnico do instrumento.

Con este criterio valorarase a capacidade do/a candidato/a para resolver con seguridade as dificultades técnicas presentes no repertorio.

Indicadores:

- Dificultade e adecuación do repertorio presentado.
- Control do ritmo e da medida.
- Claridade e igualdade da dixitación.
- Control da articulación.
- Calidade, homoxeneidade e proxección do son.
- Control da afinación.
- Dominio da respiración e da emisión.

2. Interpretar as obras con coherencia estilística e de acordo coas características estéticas de cada unha delas.

Valorarase a capacidade para adaptar os recursos interpretativos ás características da obra, do período e do estilo.

Indicadores:

- Adecuación das articulacións ao estilo.
- Adecuación do son e do timbre ás necesidades expresivas da obra.
- Aplicación coherente das dinámicas.

- Tratamento dos recursos agóxicos.
- Corrección e adecuación dos ornamentos.
- Coherencia do fraseo e do carácter.

3. Interpretar as partituras con rigor e respecto polo texto musical.

Valorarase o grao de precisión e fidelidade na interpretación das indicacións presentes na partitura.

Indicadores:

- Respecto dos tempos e movementos.
- Fidelidade ás indicacións agóxicas e dinámicas.
- Exactitude das notas e ritmos.
- Claridade das articulacións.
- Respecto polas indicacións expresivas.
- Coherencia na estrutura e na construción das frases.

4. Amosar capacidade artística e de comunicación musical.

Valorarase a capacidade do/a intérprete para transmitir o carácter e o contido musical das obras e manter unha interpretación coherente ao longo de toda a intervención.

Indicadores:

- Capacidade de comunicación musical.
- Presenza e seguridade escénica.
- Concentración ao longo do recital.
- Coherencia da proposta interpretativa.